



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 4

Unidade didáctica 14

O mundo actual. A globalización. A Unión Europea

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	4
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	5
2.	O mundo actual	6
2.1	A globalización. Cambios económicos e sociais no século XXI.....	6
2.1.1	A economía mundial: a globalización.....	7
2.2	A constitución da Unión Europea	27
2.2.1	Antecedentes do proxecto: os 40 e os 50.....	27
2.2.2	Desenvolvemento da Unión Europea (desde 1960 ata o século XXI)	28
2.2.3	Crise política e económica da Unión Europea (desde o século XXI).....	30
2.3	As institucións da Unión Europea.....	32
2.4	A arte.....	34
2.4.1	A arte nos séculos XX-XXI.....	34
3.	Resumo de contidos	44
4.	Actividades complementarias.....	51
5.	Exercicios de autoavaliación	52
6.	Solucionario.....	53
6.1	Solucións das actividades propostas	53
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	55
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación	57
7.	Glosario.....	58
8.	Bibliografía e recursos	60
9.	Anexo. Licenza de recursos	62

1. Introducción

1.1 Descripción da unidade didáctica

Nesta unidade introducirémonos no mundo actual. Desde o afundimento da URSS, desapareceron os "bloques" e iso deu lugar á aparición dunha nova era nas relacións internacionais. Estados Unidos confirmouse como a única superpotencia e o capitalismo impúxose como único modelo económico. Exporemos a fin do mundo bipolar, coa desintegración da URSS e a proclamación dos EUA como única superpotencia, e a súa evolución cara a un mundo multipolar. Explicaremos a situación de Europa tras a caída do muro de Berlín e o desenvolvemento da Unión Europea.

Analizaremos a **crise do 2008** como crise do modelo de benestar e as súas consecuencias. Observaremos que unha das características fundamentais do mundo actual é a súa inestabilidade, que se fai evidente a través das **guerras e conflitos abertos en diferentes escenarios do mundo, o terrorismo islamita e o problema dos desprazados e dos refuxiados, entre outros.**

Para facilitar a aprendizaxe de todo isto servirémonos de mapas, gráficos, textos e imaxes, tamén da procura de información en distintos medios e da realización de diversas actividades. Algunhas delas basearanse na relación entre o pasado e o presente, para que o alumnado tire as súas propias conclusións e comprobe que hai entre eles unha relación causal.

Definiremos o concepto de globalización e analizaremos as súas repercusións en diferentes ámbitos. Exporemos a revolución tecnolóxica como condición de posibilidade da globalización e identificaremos as súas consecuencias, unha delas na concepción da arte actual. Finalmente, describiremos os riscos ambientais aos que nos enfrontamos e valoraremos a necesidade dun desenvolvemento sostible.

Na actualidade, as diferenzas mídense polos recursos económicos e sociais que posúen os diversos territorios do planeta, conferíndolles, en base a estas diferenzas, un papel ou outro no panorama internacional. Existe, polo tanto, unha fronteira imaxinaria e outra real que divide o mundo nun Norte e nun Sur. O primeiro vén caracterizado pola riqueza, o benestar e os recursos; o segundo, pola escaseza e a necesidade. Veremos, pois, que para que exista o primeiro, é preciso que haxa o segundo.

Isto é o que chamaremos "globalización", "unha nova orde internacional" non exenta de tensións, na que a pobreza do Sur, os graves problemas ambientais, os enfrontamentos étnicos e os fanatismos relixiosos ensombrecen o panorama e o futuro do século XXI.

1.2 Coñecementos previos

Para empezar a traballar, partiremos dos coñecementos previos do alumnado da educación secundaria para persoas adultas.

A ese fin, realizaremos unha sinxela proba na que trataremos de ver:

- A capacidade lectora.
- A comprensión e interpretación de textos.
- A comprensión e interpretación de gráficas.
- A capacidade de facerse preguntas.
- A competencia na elaboración de textos sinxelos.
- Un nivel básico de coñecementos históricos canto a:
 - Comentar textos básicos.
 - Lectura de escritos coetáneos, históricos e historiográficos e resposta a preguntas sinxelas.
 - Análise e Interpretación de imaxes.
 - Colocación de títulos.
 - Selección da información.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

O noso obxectivo fundamental consistirá en desenvolver as competencias sociais e culturais das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, ao mesmo tempo, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

A adquisición das competencias clave da aprendizaxe (a lingüística, a matemática, a dixital, a de aprender a aprender e a cívica e social) é algo básico ao longo da vida. Estas competencias contribúen a desenvolver unhas destrezas necesarias para

interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos.

O noso alumnado debe ter presente que, para adquirir as destrezas e os coñecementos básicos, ademais de amosar interese, cómpre fundamentar o seu traballo na constancia e no esforzo continuado.

Coa súa aprendizaxe poderá utilizar recursos, participar máis activamente na sociedade e, sobre todo, entenderá que a cultura é un ben que ninguén lle pode arrebatarse, realmente é o único que nos fai libres.

- O traballo será gradual.
- A aprendizaxe estará baseada na proximidade e na experimentación cotiá.
- As tecnoloxías da información e da comunicación serán ferramentas motivadoras e interesantes para as persoas adultas. Con elas, o alumnado aprenderá a buscar e xestionar a información.
- Empregaranse técnicas de estudo para afianzar a adquisición dos coñecementos.
- O alumnado avanzará, individual e colectivamente, na interpretación e coñecemento do mundo no que vive.

As achegas que lles proporcionará a historia serán imprescindibles para, aprendendo do pasado, comprenderen o presente e traballaren por un futuro mellor, igualitario e democrático.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Nesta unidade didáctica traballaremos a materia en dez sesións e distribuírémola da seguinte forma:

Contidos:

- O mundo actual: 4 sesións.
- A globalización: 4 sesións.
- A Unión Europea: 2 sesións.

2. O mundo actual


2.1 A globalización. Cambios económicos e sociais no século XXI

Aínda que a grave crise económica iniciada en 2008 abriu un período de grandes incertezas, a finais da primeira década do século XXI pódense sinalar unha serie de **claras tendencias económicas e demográficas no mundo**. Nese sentido, seguen sendo poucos, aproximadamente un quinto da poboación mundial, os seres humanos que gozan dun alto nivel de vida. Con todo, países tradicionalmente pobres como a **China** e a **India**, que representan **máis dun terzo da humanidade**, comezaron a experimentar as vantaxes materiais dun **rápido crecemento económico**. Non é o caso doutras zonas do mundo, principalmente África, que atopan serias dificultades para beneficiarse dunha globalización económica que avanzou de xeito imparabile desde comezos da década de 1980.

Durante a segunda metade do século XX, a poboación mundial ten medrado como nunca o fixera antes. Superou xa os 6.000 millóns de persoas. Con todo, o ritmo de crecemento retardouse e moitos demógrafos estiman que a mediados de século a poboación se estabilizará ao redor de 9.000 ou 10.000 millóns de habitantes.

Nas próximas décadas viviremos nun planeta urbanizado, por primeira vez na historia hai máis seres humanos vivindo nas cidades que no campo, e cunha poboación máis envellecida. Este envellecemento expón xa serios desafíos para o futuro próximo nos países máis desenvolvidos. Viviremos tamén, grazas aos fortes procesos migratorios dos últimos tempos, nun mundo cunha poboación moito máis mesturada e heteroxénea, especialmente nas zonas máis desenvolvidas.

A vellas preocupacións, como a desigualdade no mundo, engadíronse problemas, como a **deterioración ambiental**, que só poden ser solucionados desde unha perspectiva global.



IDH: o índice de desenvolvemento humano (IDH) é un indicador do desenvolvemento humano por país elaborado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).

2.1.1 A economía mundial: a globalización

Podemos definir globalización como un proceso económico, tecnolóxico, social e cultural a grande escala que consiste na crecente comunicación e interdependencia entre os distintos países do mundo, o cal leva consigo a unificación dos seus mercados, sociedades e culturas. O concepto de globalización, en principio un termo económico, debe entenderse tamén como un termo que abarca todos os aspectos da vida social. As ideas, os gustos, os costumes, as formas de vestir, calquera aspecto da vida humana debe contemplarse hoxe desde unha perspectiva global.

Nunha quincena anterior xa vimos como, no período previo á Primeira Guerra Mundial (1870-1914), o mundo viviu un primeiro momento de globalización relevante. Tras a Segunda Guerra Mundial o mundo vai vivir unha "segunda globalización" moito máis intensa, especialmente a partir dos anos oitenta do pasado século.

Os resultados da globalización

Aínda que a visión da pobreza extrema segue estando presente, demasiado presente, no mundo actual, non podemos esquecer as melloras que se produciron paralelamente aos fenómenos de globalización. O século XX, un século de catástrofes inéditas na historia da humanidade, foi tamén o século que presentou o desenvolvemento demográfico e económico máis acusado da historia.

Algúns datos. Entre o ano 1913 e o ano 2000, a poboación multiplicouse por 2,5, o PIB (produto interior bruto, a medida máis plausible para apreciar a riqueza dunha comunidade humana) multiplicouse por vinte, e o PIB *per cápita* (a división do PIB mundial entre os habitantes do planeta) multiplicouse por cinco.

O gran desafío do século XXI é como manter a mellora das condicións de vida sen esquilmar os recursos naturais ou esnaquizar aínda máis o medio ambiente.

Resultados da globalización

Como é o mundo de inicios do terceiro milenio? Como cambiou no último século?

O Programa para o Desenvolvemento das Nacións Unidas (PNUD) creou o índice de desenvolvemento humano (IDH), un indicador social estatístico por país, composto por tres parámetros:


- Vida longa e saudable. Medida segundo a esperanza de vida ao nacer.
- Educación. Taxa de alfabetización das persoas adultas, matriculación en educación primaria, secundaria, superior e duración da educación obrigatoria.
- Nivel de vida digno. Medido polo PIB per cápita.

Utilizando este índice (IDH), podemos aproximarnos a unha radiografía máis ou menos fiel da realidade mundial.

En 2004, 63 países, cunha poboación de 1.275 millóns de persoas (o 20 % do total mundial) eran clasificados polo Programa para o Desenvolvemento das Nacións (PNUD)¹ como de *desenvolvemento humano alto*, polo seu nivel de IDH -0,8 ou máis.

Este é a quinta parte "privilexiada" da poboación humana en comparación con outras zonas do mundo.

No *nivel medio do desenvolvemento humano* (0,5-0,799) figuraban 83 países con case 4.500 millóns de persoas (70 % da poboación mundial). Debemos ter en conta que o mundo non se divide en países ricos e pobres, pois desde as últimas décadas, unha serie de Estados moi poboados melloraron de forma importante o seu nivel de vida. Un dos mellores exemplos é a China, un dos países máis poboados do mundo.



Se comparamos datos desde principios do século XX o resultado é alentador. Ningún país alcanzaba un IDH alto e só unha minoría de países americanos e europeos gozaban dun IDH de nivel medio; a grande maioría da humanidade non lograba superar o nivel de desenvolvemento humano baixo. A maior parte dos seres humanos vivían como se vive na actualidade nos países máis pobres de África.

Esta radiografía da humanidade foxe do catastrofismo ao que nos pode levar a continua visión nos medios de comunicación da desgraza humana. Con todo, estes avances deben facernos aínda máis intolerable a persistencia da fame e da

¹ O Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), creado o 1 de xaneiro de 1989, pertence ao sistema de Nacións Unidas, e a súa función é contribuir á mellora da calidade de vida das nacións. Desde 1990, o PNUD publica o informe sobre desenvolvemento humano ou índice de desenvolvemento humano (IDH). O PNUD promove o cambio e conecta os coñecementos, a experiencia e os recursos necesarios para axudar os pobos a forxar unha vida mellor. Está presente en 177 países.

necesidade en moitos recunchos do planeta. O mundo do século XXI, por primeira vez na historia da humanidade, pode propoñer a abolición da pobreza e a miseria que sempre acompañou o xénero humano. É un "deber" de todas as persoas loitar por conseguilo.

O crecemento da poboación mundial

Na segunda metade do século XX, a poboación mundial experimentou profundos cambios. Creceu moi rapidamente, fíxose máis lonxeva, urbanizouse e emigrou masivamente duns países a outros.

Trátase, basicamente, dunha globalización dos cambios experimentados entre mediados dos séculos XIX e XX polos países hoxe desenvolvidos.

Os datos son elocuentes:

De 1900 a 2008 a poboación mundial pasou de 1.262 millóns de habitantes a 6.706 millóns. Quintuplicouse, cun crecemento especialmente acelerado na segunda metade do século pasado. **Estímase que a mediados de século a poboación roldará os nove ou dez mil millóns de persoas.**


A distribución da poboación mundial


A poboación mundial seguiu un modelo demográfico similar ao que seguiron os países máis desenvolvidos:

Primeiro, descenso da mortalidade, despois, inicio do descenso da natalidade.

Esta circunstancia freou o crecemento demográfico, de feito, pénsase que a poboación mundial tenderá a estancarse a mediados deste século.

A poboación do planeta tamén está a seguir o mesmo proceso de envellecemento que empezaron a vivir hai tempo os países máis ricos.





África tamén creceu relativamente e estímase que nas próximas décadas incrementará o seu peso no mundo. Estímase que cara ao 2050, un de cada catro seres humanos será africano.

As grandes migracións internacionais

A globalización, mediante o abaratamento do transporte e a difusión de información a escala planetaria, favoreceu os movementos migratorios.

A gran desigualdade económica entre as diferentes zonas do mundo empuxou a millóns de seres humanos que viven nos países máis desfavorecidos a buscar un mellor destino lonxe dos seus fogares.



Procedentes de América Latina, de África, de Asia e de países de Europa Oriental, os emigrantes dirixíronse principalmente a Europa e Norteamérica.

En EUA e o Canadá a poboación inmigrante achégase ao 15 %, en Europa Occidental ascende a algo máis do 10 % e, á fronte de todos os

destinos de inmigración, en Australia arredor do 22 % da poboación procede do exterior.

A Europa mediterránea (España, Italia, Grecia), tradicional terra de emigración, converteuse nos últimos anos nun dos grandes polos de inmigración.

Entre 1870 e 1914, coa primeira globalización, millóns de persoas de Europa emigraron cara a América.

A inmigración en España

O caso do noso país é especialmente esaxerado:

En 1990, a poboación inmigrante roldaba o 3 % do total. En 2010, achégase ao 14 %, unha porcentaxe similar a dos EUA, o gran país receptor de emigrantes.

Os resultados económicos da emigración son

basicamente positivos para as sociedades que participan nela.

Con todo, especialmente **en tempos de crises, a inmigración xera novos conflitos (choques culturais, competencia polos empregos menos cualificados e polo acceso aos servizos sociais, racismo etc.) que supoñen un desafío para as sociedades democráticas.**²

Cambios políticos e a nova orde internacional

O derrube do "Imperio soviético" deixou a Estados Unidos como única superpotencia mundial e propiciou unha serie de cambios transcendentais. Quizá o exemplo máis espectacular é Europa. Con enorme rapidez, Alemaña reunificouse, as antigas "democracias populares" occidentalizáronse e a Unión Europea estendeuse cara ao leste, chegando a reunir 27 nacións en 2006.

Simultaneamente, a OTAN estendeuse cara ao oriente, incluíndo antigas repúblicas da URSS. Estas transformacións tiveron lugar nun contexto bastante pacífico. A guerra civil que marcou a división de Iugoslavia foi a excepción violenta.

O ataque terrorista sobre Nova York e Washington o 11 de setembro de 2001 foi o segundo momento clave do tránsito ao novo milenio.

O xihadismo ou terrorismo islamita asestou un duro golpe aos EUA. A reacción norteamericana foi inmediata: a invasión de Afganistán e o desaloxo do réxime dos "talibán" que aloxara aos terroristas de Al Qaeda.



Entre 1870 e 1914, coa primeira globalización, millóns de persoas de Europa emigraron cara a América. Porto de Vigo.



Despedida de emigrantes no porto da Coruña, no ano 1957.

²No seguinte enlace ten un mapa interactivo coas correntes migratorias "irregulares" cara a Europa: <https://www.iesparquedelisboa.com/en/comenius2/Inmigracion/multimedia/migra2.htm>

O seguinte paso foi moito máis polémico: a invasión de Iraq en 2003 complicou aínda máis o panorama incerto do Oriente Medio, unha rexión onde Irán parece querer converterse en potencia nuclear.

A China experimentou un crecemento económico espectacular, compaxinando un capitalismo agresivo co mantemento dunha ditadura comunista.

Asia configúrase como o continente chamado a desempeñar un papel preponderante no século XXI. Mentres tanto, América latina asiste á emerxencia do Brasil como gran potencia rexional e África, a pesar dalgunhas melloras na última década, non consegue saír da espiral de inestabilidade política, guerras e empobrecemento.

A evolución política en Occidente

Extinguida a URSS en 1991, iniciouse unha nova etapa das relacións internacionais na que os EUA empezaron a actuar como xendarme do mundo en función dos seus intereses. En 1990, EUA liderou unha coalición internacional creada para contestar o ataque de Iraq a Kuwait que obrigou a Iraq a pagar indemnizacións, a eliminar o seu material químico e nuclear e a ter o seu petróleo baixo embargo económico.



O 11 de setembro de 2001, EUA foi vítima dun ataque terrorista da organización Al Qaeda³.

A reacción estadounidense pasou por **invadir Afganistán**, cuxo réxime dos talibán era apoiado por Al Qaeda, co obxectivo de capturar a **Bin Laden**.

Entrementres, Bush identificou a unha serie de países como pertencentes ao "**eixe do mal**", polo seu respaldo ao terrorismo internacional: **Irán, Corea do Norte e Iraq**. Nos plans do seu equipo incluíase a invasión de Iraq xa antes dos ataques do 11-S, como o comezo da redistribución de Oriente Medio.

Os Gobernos de EUA e o Reino Unido falsificaron probas da posesión de armas de destrución masiva por parte de Iraq co fin de obter respaldo para a invasión do país.

³ Organización terrorista islamita fundada nos anos 80 en Afganistán por Osama Bin Laden. Propugnando a *xihad* ou guerra santa, cometeu, mediante a súa rede internacional, numerosos atentados, entre os que destacan os do 11 de setembro de 2001 en Nova York e Washington, e os do 11 de marzo de 2004 en Madrid. Dispón dunha rede mundial coa que pretende loitar mediante accións violentas contra os Gobernos de Israel, Estados Unidos e os seus aliados. Bin Laden foi apresado e abatido en 2011.

Tras a oposición dalgúns países na ONU, como Francia, Alemaña..., formouse a chamada **coalición dos dispostos**, integrada por 45 países, que quedou simbolizada



O 16 de marzo de 2003, produciuse o Cume dos Azores, onde os líderes dos **Estados Unidos**, George W. Bush, **Reino Unido**, Tony Blair, **España**, José María Aznar, e **Portugal**, João Manuel Durão Barroso, lanzaron un ultimato ao Goberno baazista de Saddam Husein para que procedese ao desarmamento.



Colin Powell Secretario de Estado norteamericano, mente na ONU mentres sostén un frasco modelo do ántrax durante unha presentación ao Consello de Seguridade das Nacións Unidas en febreiro de 2003, para obter o respaldo da comunidade internacional.

na foto dos Azores **(16 marzo 2003)**.

En 2003, os EUA atacaron de novo Iraq; argumentaron que posuía armas nucleares e que estaba vinculado con grupos terroristas. Este ataque non contou co apoio da ONU e,


derrocado Saddam Hussein, deu lugar a graves enfrontamentos no país. Tras apremar ao Consello de Seguridade de Nacións Unidas coa presentación de supostas probas, para que autorizase unha resolución apoiando explicitamente a invasión, o presidente dos Estados Unidos, George W. Bush, obtivo o apoio dun grupo de países para formar unha alianza co fin de invadir Iraq e derrocar o Goberno de Saddam Husein. Esta coalición, que se autodenominou "coalición da vontade", estaba formada polos Gobernos de Estados Unidos, o Reino Unido, España, Portugal, Italia, Polonia, Dinamarca, Australia, Hungría e Ucraína.

A maioría da poboación destes países, así como a opinión pública mundial, foi maioritariamente contraria, facéndose notar especialmente nas manifestacións mundiais contra a guerra de Iraq. Bush recibiu tamén o apoio dos Gobernos da República Checa, Eslovaquia, Eslovenia, os estados bálticos de Estonia, Letonia e Lituania, Colombia, as illas mediterráneas de Malta e Chipre, o estado de Israel e o de Kuwait.

Francia, Alemaña, a China e Rusia manifestaron a súa oposición ás medidas de forza contra Iraq e foron partidarios dunha saída negociada á crise. Francia, Rusia e a China, membros permanentes do Consello de Seguridade, avogaban pola continuidade do labor dos inspectores e anunciaron a súa intención de vetar calquera documento que lexitimase explicitamente o ataque. Durante estas demostracións, producíronse friccións entre Estados Unidos e os países que se opoñían á invasión. Pero, ao final, estes que se opoñían á guerra cederon e mantivéronse neutrais desde o inicio da invasión.

O entón xefe do Goberno español, José María Aznar, aludiu a que a intervención respondía á convicción de que aquel Goberno constituía unha ameaza para os seus veciños e para os propios países occidentais. Lembrou que, en ocasións, as intervencións militares se fan baixo o mandato das Nacións Unidas, como no caso de Afganistán en 2001, e, noutras ocasións, sen mandato das Nacións Unidas, como no caso da guerra de Bosnia en 1992. Afirmou tamén que "España non participaría nesa guerra, senón que unicamente apoiaba os aliados, pero que, en ningún caso, o exército español participaría na invasión" (...).

Esténdese, así, o sistema político da democracia parlamentaria e o económico do capitalismo (máis ou menos intervencionista). A característica xeopolítica principal é a hexemonía internacional dos EUA en solitario e o progresivo aumento da influencia da China. Rusia quedou relegada a un terceiro lugar e viu reducirse cada vez máis a súa influencia internacional.




EUA manterá un **altísimo gasto militar** para conservar a súa hexemonía mundial. Sen ningunha competencia, realizará unha serie de **intervencións militares directas ou indirectas para defender os seus intereses**. Estas intervencións buscan dous tipos de obxectivos principais:

- **De tipo económico:** favorecer a industria do petróleo e as multinacionais que fan negocio coa reconstrución dos países invadidos.
- **De tipo político:** reducir o número de aliados de Rusia. Estendendo a OTAN por Europa do Leste e derrubando Gobernos aliados de Rusia en Oriente Próximo.

As principais intervencións foron:

- **Ataque e invasión de Iraq** (1990 e 2003), que beneficiaron a varias multinacionais petrolleiras.
- **Intervención na antiga Iugoslavia e ataque a Serbia** (1999) coa intención de favorecer a extensión da OTAN por Europa do Leste.
- **Ataque e invasión a Afganistán** (2001-), coa que pretendían aumentar a súa influencia nas repúblicas centroasiáticas aliadas de Rusia. A idea era construír un oleoduto e así poder acceder ao petróleo destas repúblicas.
- Promover a guerra civil en Libia (2011-) e Siria (2011-) para acabar con estes aliados de Rusia.



Ataques contra terroristas islámicos no Sudán, Somalia, o Iemen, Paquistán

Outros conflitos continúan sen resolverse e mantéñense, como o de Israel con Palestina ou os relacionados coa explotación dos recursos naturais de África. En África, os conflitos son fomentados pola competencia entre multinacionais para controlar os recursos naturais, pero cambian a xustificación ideolóxica para adaptarse á nova situación. Se antes se encadraban na loita entre o comunismo e o capitalismo, agora fano dentro do nacionalismo étnico e/ou fundamentalismo.

Principais guerras civís en África

Liberia (1999-2003), Serra Leoa (1991-2009), Ruanda, o Sudán (acaba coa división do país 1985-2005), República do Congo (1997-1999), República Centroafricana (2007-2009), guerras Tuareg en Malí e Níxer (1990-1996 e 2007-2009), Guinea Bissau (1998), guerra de Darfur no Sudán (2003-2006), guerra do delta do Níxer en

Nixeria (2004-), guerra civil en Senegal por Casamanza (1985-), guerras do Congo (Rep. Democrática do Congo, primeira de 1996-1997 e segunda 1998-2003), guerra e xenocidio de Ruanda (1994), guerra entre Etiopía e Eritrea (1998-2000) tras a súa división en 1993, guerra civil somalí (1991-).

A nivel económico o capitalismo sufrirá modificacións. Ao desaparecer o medo das oligarquías á alternativa comunista, considérase innecesario manter o estado do benestar. Redúcese o peso do Estado na economía e aumenta a importancia dos investidores/especuladores, aos que se lles concede liberdade para mover os seus capitais polo mundo. A ideoloxía económica que defende estes cambios chámase **neoliberalismo e esta nova etapa do capitalismo chámase globalización neoliberal**. Os desastrosos efectos sociais desta nova etapa provocaron a aparición dunha nova ideoloxía, o **movemento altermundista**. Este movemento está **en contra da globalización neoliberal e quere outro tipo de globalización que respecte os dereitos humanos, laborais e sociais**.

A nivel tecnolóxico, os avances serán extraordinarios. As novas tecnoloxías (computador, Internet, móbiles) proporcionaranos unha comunicación inmediata e unha inmensa capacidade de información. Isto chámase globalización tecnolóxica.

Hai mudanzas nas ideoloxías predominantes. O comunismo queda desprestixiado, en cambio outras ideoloxías gañan forza: **o nacionalismo** (mais ou menos étnico), **o fundamentalismo islámico e o citado altermundismo**. Estes novos movementos ideolóxicos son fonte de varios tipos de **conflictos**:

Nacionalismo. Os directamente derivados da caída do bloque comunista (guerras de Iugoslavia, como a de Bosnia, e guerras no Cáucaso, como a de Chechenia).

Fundamentalismo islámico. Terrorismo nacionalista e fundamentalista (Al Qaeda, 11S de 2001, torres xemelgas e 11M de 2004, Madrid; ISIS, guerras de Iraq e Siria; guerrillas islámicas en moitos países africanos e asiáticos).

Altermundismo. Manifestacións e mobilizacións en contra da imposición de políticas económicas neoliberais. Aparición de movementos políticos alternativos ao neoliberalismo en América latina e no sur de Europa.

Tras os atentados do 11 de setembro de 2001, os Estados Unidos, baixo a presidencia de George Bush fillo, lanzáronse ao que denominaron a "guerra contra o terror", invadindo Afganistán e Iraq e aplicando **unha política antiterrorista a miúdo afastada da defensa dos dereitos humanos**. O mellor exemplo é a prisión de Guantánamo, onde o exército norteamericano mantén centenaes de prisioneiros sen sometelos a xuízo.

A elección do democrata Barack Obama en 2009 supuxo un xiro na política norteamericana.

Europa foi testemuña da expansión da Unión Europea cara ao leste ata alcanzar 27 membros. A caída do comunismo en Iugoslavia trouxo de novo a guerra ao noso continente.

De 1991 a 1999, a guerra e a "limpeza étnica" (a eliminación violenta dun grupo étnico nun territorio) ensanguentaron a antiga Iugoslavia. O conflito de Kosovo concluíu coa intervención da OTAN e a práctica independencia deste territorio.

Madrid, 11 marzo 2004, e Londres en 2005 sufriron o brutal ataque do terrorismo xihadista.

A evolución política en Rusia

Rusia reflatou a súa economía acentuando o seu carácter de exportador de petróleo e entrou con Putin nunha deriva autoritaria baseada na restrición das liberdades políticas no interior e na afirmación como potencia no exterior.

En 2008, Medvedev foi elixido, nunhas eleccións de dúbidas garantías democráticas, presidente de Rusia. Nomeou **Vladimir Putin** primeiro ministro, que segue a ser o "home forte" de Rusia.

A evolución política en Asia e en América latina

En Asia tiveron lugar os acontecementos que posiblemente determinen o novo século: a fulgurante expansión da **China**, convertida cada vez máis na "fábrica do mundo"; o despregamento da **India**, no que destaca a achega das tecnoloxías da información; e a recuperación do **Xapón**, tras unha longa recesión nos anos noventa.

América latina viviu unha onda democratizadora que varreu as vellas ditaduras militares imperantes no continente durante moito tempo. Un exemplo é México onde, por primeira vez desde a Revolución de 1917, no ano 2000 produciuse a alternancia democrática no Goberno coa derrota do sempiterno Partido Revolucionario Institucional (PRI).



En xeral, **houbo un xiro á esquerda no continente**, como o de Hugo Chávez en Venezuela. A ditadura comunista de Fidel e Raúl Castro queda como unha reminiscencia da Guerra Fría.

A evolución política en África

África iniciou o novo século con moi lixeiros signos de mellora.

Aínda que nos últimos anos houbo una certa mellora, o **subdesenvolvemento económico e a inestabilidade política** seguen forzando a miles de africanos a buscar a súa supervivencia fóra do continente. África segue estando atravesada por conflitos e guerras que se abaten sobre unha poboación empobrecida.

O conflito de Darfur no Sudán ou a guerra civil no Congo son bos exemplos diso.

Conflito de Darfur	Segunda guerra do Congo
<p data-bbox="467 622 639 651">Conflito de Darfur</p>  <p data-bbox="667 667 815 1070">"O conflito de Darfur é un conflito militar en curso na rexión de Darfur, no oeste do Sudán, principalmente entre os xanxauid, un grupo de milicianos formados por membros das tribos dos Abbala (criadores de camelos de etnia árabe) e os pobos non Baggara, principalmente agricultores. O Goberno sudanés, aínda que publicamente negou o seu apoio aos xanxauid, proporcionoulles armas e asistencia e participou xunto con eles en varios ataques contra os pobos fur, zaghawa e masalit. O inicio do conflito adoita situarse en febreiro de 2003.</p> <p data-bbox="293 1077 815 1267">A diferenza do que ocorreu na segunda guerra civil sudanesa, non se trata dun conflito entre musulmáns e non musulmáns. A maioría dos habitantes de Darfur son musulmáns.</p> <p data-bbox="293 1274 815 1570">Non existe acordo en canto ao número de mortes producidas polo conflito. Xeralmente, considérase crible a cifra de 400.000 vítimas dada pola organización non gubernamental Coalición para a Xustiza Internacional, que foi tamén implicitamente validada pola ONU. Crese que máis de dous millóns de persoas se viron desprazadas dos seus fogares a causa do conflito.</p> <p data-bbox="293 1576 815 1682">O conflito foi descrito como un xenocidio polos medios de comunicación internacionais e polo Goberno de Estados Unidos, aínda que non pola ONU. O 31 de xullo de 2007 a ONU decide o envío de 26.000 soldados a Darfur."</p> <p data-bbox="341 1711 815 1740">Fonte: http://es.wikipedia.org/wiki/conflicto_de_Darfur</p>	<p data-bbox="995 622 1246 651">Segunda guerra do Congo</p>  <p data-bbox="863 1196 1390 1473">"A segunda guerra do Congo foi un conflito armado que tivo lugar en gran parte do territorio da República Democrática do Congo (o antigo Zaire), con posterioridade á primeira guerra do Congo. Este conflito iniciouse en 1998 e terminou formalmente en 2003, cando asumiu o poder un Goberno de transición baixo os termos do Acordo de Pretoria. Os combatentes proviñan de nove nacións (ademais de existir dentro do país vinte faccións armadas distintas), o que o converte no conflito continental africano máis grande do que se teña noticia.</p> <p data-bbox="863 1503 1390 1780">Coñecida tamén como guerra Mundial Africana, gran guerra de África ou a guerra do Coltán, provocou a morte de aproximadamente 3,8 millóns de persoas, a maioría delas por fame e enfermidades que se poden previr e curar. Dentro destes graves feitos, considérase este episodio o máis destacado dentro do chamado "xenocidio congoleño". Esta trágica cifra converteu esta guerra no conflito máis mortífero desde a Segunda Guerra Mundial, e iso sen contar os millóns de desprazados e refuxiados nos países veciños."</p> <p data-bbox="863 1787 1390 1832">Fonte: http://es.wikipedia.org/wiki/segunda_Guerra_do_Congo</p>
<p data-bbox="328 1845 1358 1901">Máis dun millón de desprazados. Ata cincuenta mil mortos. Milleiros de persoas abocadas á fame e ás enfermidades. Milicias árabes acusadas de limpeza étnica. Goberno sudanés acusa os rebeldes.</p>	

Os conflitos internacionais nos inicios do século XXI

O novo mundo xurdido da Guerra Fría está marcado por unha serie de **conflitos que ameazan a paz mundial**.

O xihadismo ou terrorismo islamita busca, mediante a violencia, impoñer unha visión fanática do islam. A súa organización máis importante, Al Qaeda, dirixida por Osama bin Laden chamou en 1998 á constitución dunha "Frente Islámica Internacional contra Xudeus e Cruzados (Cristiáns)".

O xihadismo golpeou Estados Unidos e Europa, pero sobre todo está a supoñer unha sangría para a poboación dos países musulmáns onde actúa de forma cruel e sistemática. **Tres son os grandes centros da xihad mundial:**

- Afganistán-Paquistán.
- Oriente Medio, especialmente Iraq e Arabia Saudita.
- O norte de África, onde en 2007 se constituíu a organización "*Al Qaeda no Magreb islámico*", un grupo que supón unha grande ameaza para o sur de Europa.

Oriente Medio, a rexión onde se concentran as maiores reservas de petróleo do mundo, seguiu sendo a zona de máxima tensión internacional. Aquí desenvolvéronse os principais conflitos tras a fin da Guerra Fría.

As invasións norteamericanas de Afganistán (2001) e Iraq (2003) abriron dous conflitos armados nos que está implicada gran parte da comunidade internacional.

O presidente Obama manifestou o seu desexo de retirar tropas de Iraq e intensificar os seus esforzos en Afganistán.

Ligado á situación do seu veciño Iraq, o **líder iraniano Ahmadinejad relanzou o programa civil nuclear iraniano**.

A posible obtención da arma nuclear polo Goberno islámico de Teherán é unha das grandes preocupacións mundiais no ano 2010.

Guerra de Afganistán (desde 2001)

"A guerra en Afganistán, que comezou o 7 de outubro de 2001 coa operación «Liberdade Duradeira» das tropas



A Forza Internacional de Asistencia para a Seguridade (en inglés International Security Assistance Force, ISAF) é unha misión militar levada a cabo por unha forza internacional desde 2001 e desde 2003 pola OTAN, en Afganistán. (Datos do mapa 20/11/ 2006.)

estadounidenses e a operación «Herrick» das tropas británicas para invadir e ocupar o país asiático, foi emprendida en resposta aos atentados do 11 de setembro de 2001 en Estados Unidos.

O obxectivo declarado da invasión era atopar a Osama bin Laden e outros dirixentes de Al Qaeda, para levarlos a xuízo, e derrocar o réxime dos talibán que apoiaba e daba refuxio aos membros de Al Qaeda. A doutrina Bush de Estados Unidos declarou que, como política, non se distinguiría entre organizacións terroristas e nacións ou Gobernos que lles dan refuxio.

Existen dúas operacións militares loitando por controlar o país. A operación «Liberdade Duradeira» é unha operación de combate

estadounidense coa participación dalgúns países da coalición e que actualmente se está levando a cabo principalmente nas rexións do sur e do leste do país ao longo da fronteira con Paquistán. Nesta operación participan uns 28.300 militares estadounidenses aproximadamente.

A segunda operación é a Forza Internacional de Asistencia para a Seguridade (ISAF), que foi establecida polo Consello de Seguridade de Nacións Unidas a finais de decembro de 2001 para asegurar Kabul e as áreas dos seus arredores. A OTAN asumiu o control da ISAF en 2003. O 23 de xullo de 2009, a ISAF tiña arredor de 64.500 militares de 42 países, proporcionando os membros da OTAN o núcleo da forza. Estados Unidos tiña aproximadamente 29.950 soldados na ISAF."

Fonte: http://es.wikipedia.org/wiki/invasión_de_Afganistán_de_2001

Consecuencias da economía globalizada

A globalización ou mundialización é, basicamente, unha interdependencia económica crecente do conxunto de países do mundo. Este feito evidenciouse co aumento do comercio internacional, un maior número de investimentos no exterior, a internacionalización do mercado de capitais e a procura de financiamento no exterior.

1. A globalización económica foi posible grazas ao desenvolvemento do transporte e, sobre todo, ás novas tecnoloxías da información e comunicación e á desregulación do mercado de capitais fóra do control dos Estados.
2. O novo funcionamento da economía baséase no **capitalismo liberal**, que facilitou a creación de centros de decisión (grandes compañías comerciais, multinacionais, grandes bancos e sociedades de investimento) e outros núcleos dependentes.
3. O desenvolvemento da economía global ten creado situacións novas:

- **Acelerouse o crecemento económico** de países como a India, a China ou o Brasil competindo coas economías occidentais tradicionais.
- Houbo un **aumento da actividade financeira especulativa**, o que causou o estalido dunha crise económica mundial.
- **A crise financeira e bancaria orixinouse en EUA**, por mor da concesión de hipotecas bancarias de alto risco (imposibles de cobrar); co fin de reducir o seu risco, os bancos mesturaron estas hipotecas con outros produtos financeiros que adquiriron outros bancos e sociedades financeiras, os cales, á súa vez, transmitiron a outros. Cando ninguén obtivo os beneficios esperados, evidenciouse a actividade especulativa, houbo un gran descenso na bolsa e moitos bancos tiveron perdas millonarias; nesa circunstancia, algúns Gobernos optaron polo **rescate deses bancos con diñeiro público**. A crise financeira tivo un impacto na paralización do fluxo de crédito e isto detivo a actividade produtiva de industrias e outros sectores produtivos, o que provocou o **peche de empresas e o aumento do paro**.
- A crise estendeuse a Europa e **afectou gravemente a zona euro**, xa que, a diferenza de EUA e Gran Bretaña, os países do euro non poden responder á conxuntura aplicando políticas de tipo monetario, pois estas facultades están cedidas ao Banco Central Europeo e este non pode prestar diñeiro ás institucións públicas; así, os Estados da zona euro para financiar o seu déficit público teñen que recorrer ao mercado privado de capitais, o que converte a súa débeda pública en obxectivo da especulación. **Esta situación elevou o endebedamento de moitos países europeos (Grecia, Irlanda, Portugal, Italia, España, Chipre...) e está a agravar a situación de crise na zona euro**.

A emerxencia de novos centros económicos

Nas últimas décadas emerxeu unha estrutura multipolar, xa que, xunto aos centros de poder económico de EUA, U.E e o Xapón, apareceron outras economías que expoñen un novo escenario económico. **Estas economías emerxentes son: o Brasil, Rusia, a India e a China (BRIC)⁴**. De feito, a súa crecente influencia maniféstase na súa

⁴ A sigla BRIC(S) utilízase para nomear o conxunto formado polo Brasil (B), Rusia (R), a India (I), a China (C) e Suráfrica (S). Trátase das cinco nacións con economías emerxentes ou recentemente industrializadas máis importantes do planeta. En 2001, o economista inglés Jim O'Neill postulou a idea de BRIC, o bloque formado polo Brasil, Rusia, a India e a China. Sete anos despois, estes países asumiron o concepto e comezaron a reunirse para traballar en conxunto. Anos despois tamén se incorporou Suráfrica aos devanditos encontros e así naceu BRICS.

inclusión no G-20, creado en 1999 e formado polos países de maior poder económico e de decisión do mundo e que é o gran foro da economía internacional.

- Integran o G-20: os países do G-8 (Alemaña, Francia, Italia, o Reino Unido, EUA, o Canadá, o Xapón e Rusia), once países de economías emerxentes (Arabia Saudita, a Arxentina, Australia, o Brasil, a China, Corea do Sur, a India, Indonesia, México, Suráfrica e Turquía) e a UE (como bloque económico). **Desde 2008 España e os Países Baixos son convidados permanentes e participaron nas reunións do G-20, aínda que non son países membros.**
- As BRIC, ademais, teñen unha maior influencia política, por iso no Consello de Seguridade da ONU expúxose a entrada de novos membros permanentes, como o Brasil e a India.
- **As economías emerxentes do grupo BRIC presentan uns factores comúns:** elevada poboación, grande aumento do seu PIB, taxa de crecemento económico próxima ao 10 % anual e progresiva mellora do nivel de vida da poboación. Así, o **Brasil** pasou a ser a sexta economía do mundo por PIB nominal; **Rusia** pasou a ser a terceira potencia mundial en acumulación de divisas e o seu PIB está entre as 10 maiores potencias do mundo; a **India** é líder mundial en aprovisionamento de servizos e a **China** converteuse na segunda economía mundial, segundo o seu PIB nominal, por detrás de EUA, e é ademais o maior exportador do planeta.
- A pesar dos logros, estes países teñen **novos desafíos:** manter o ritmo de crecemento, conseguir a estabilidade, reducir os seus impactos ambientais, mellorar os seus sistemas políticos dirixidos á **democratización (en especial a China)**, mellorar as condicións laborais, salariais e formación da poboación, reducir os niveis de pobreza.

Desigualdade e conflitos sociais

A globalización ou mundialización non significa igualdade, de feito produciuse todo o contrario, xa que se acentuaron as desigualdades sociais e as diferenzas territoriais. Así, máis de 850 millóns de persoas pasan fame no mundo e moitas morren por falta de alimentos. Ademais, as diferenzas de renda son moi grandes entre países ricos e pobres.

- **África**, dentro do escenario internacional, é un **continente abandonado, con graves desigualdades, miseria e conflitos bélicos.** Desde a descolonización pasou a ser unha zona residual da economía global, sobre todo a África subsahariana, de feito, os conflitos máis importantes localizáronse nos países

que rodean o golfo de Guinea (Liberia, Serra Leoa...), o Corno de África (Etiopía, Somalia...) e África Ecuatorial (Congo, Ruanda, Burundi, Angola...), onde se produciu o éxodo de miles de persoas **refuxiadas**.

- **O mundo árabe**, en especial a zona de **Magreb e Oriente Próximo**, é tamén un foco de desigualdade e tensión, a pesar de que algúns países como o Sudán posúen enormes riquezas petrolíferas, as súas clases dirixentes foron **incapaces de modernizar a súa sociedade e economía, acabar coa pobreza, o analfabetismo, o paro e dar máis liberdade á poboación**. Por iso, nas últimas décadas **creceu a influencia islamita radical** (Irmáns Musulmáns), o que motivou ademais que entre 2010-2011 se producisen as revoltas de orixe laica e cívica en moitos destes países (**primaveras árabes**) que levaron ao derrocamento de moitos dos seus Gobernos, co obxectivo dun futuro mellor para os mozos, reformas sociais, económicas e máis democracia. Pero tras eliminar os ditadores, os partidos islamitas foron ocupando os novos Gobernos, nalgúns casos co apoio electoral maioritario.
- No mundo desenvolvido produciuse tamén un aumento da desigualdade entre a poboación máis pobre e a máis rica, en especial pola competencia internacional e a crise económica. A resposta á crise e ao endebedamento dos Estados, especialmente na zona euro, está a levarse a cabo con políticas de austeridade e, ante a falta de créditos e a paralización empresarial, aumenta de maneira considerable o paro, diminúe o consumo e redúcense os salarios. Todo iso está a ameazar o estado de benestar⁵ construído nas últimas décadas.

A sociedade do século XXI

O cambio social máis importante das últimas décadas, no mundo industrializado, foi a **desaparición case total do campesiñado** (un 4,4 % do total da poboación activa), fenómeno que tamén se fai extensible a outras economías, onde a súa presenza se reduce á metade.


- A clase obreira, tradicional das economías industrializadas, retrocedeu ata o 24,5 % da poboación activa ante o avance das novas tecnoloxías e o sector servizos, que concentran o 71,1 % da poboación activa. Ademais, dentro dos perfís profesionais requírese cada vez máis poboación con estudos secundarios ou superiores.

⁵ Estado de benestar, estado benfeitor, estado providencia ou sociedade do benestar é un concepto das ciencias políticas e económicas co que se designa a unha proposta política ou modelo xeral do Estado e da organización social, segundo a cal o Estado prevé servizos en cumprimento dos dereitos sociais á totalidade dos habitantes dun país.

- A diminución da poboación campesiña propiciou unha **crecente urbanización, un gran crecemento das cidades, dotadas de servizos, infraestruturas, transportes etc.**
- Nos **países industrializados occidentais** predomina o *modelo urbano*, con *familias nucleares, baixa natalidade, alta esperanza de vida e envellecemento da poboación, cun estilo de vida individualista e consumista* onde se valora socialmente o **éxito e o diñeiro**. Nestas sociedades *xeneralizouse a incorporación das mulleres ao traballo*⁶.
- **Nas zonas menos desenvolvidas** do planeta predominan as *sociedades rurais, onde subsiste un modelo de familia extensa, elevada natalidade, gran respecto pola tradicións, as relacións sociais son comunitarias, unha marxe de liberdade persoal máis escasa e unha integración laboral das mulleres moi reducida*.
- Para contestar as desigualdades sociais, políticas e económicas; combater as inxustizas, a deterioración ambiental, a explotación infantil ou das mulleres etc., xurdiron **organizacións non gobernamentais, movementos antiglobalización e movementos sociais como "os indignados"**.


Nova orde mundial

Fin da URSS



⁶ É unha forma de dicir, xa que nos referimos á inserción das mulleres no traballo asalariado, pois ao traballo estiveron incorporadas desde sempre na historia.

Conflitos actuais



Actividade resolta

Lea o texto e responda as preguntas:

O non impulsar o proceso democrático significa que non respectamos o noso pobo, que lle temos medo, que non cremos nel, no seu sentido da responsabilidade e intelixencia.

O noso pobo, porén, demostrounos a súa intelixencia nunha etapa nova, cando carecía de experiencia na xestión de empresas en réxime democrático. (...)

*Non vexo ningunha outra alternativa que a **perestroika** (...). Só podemos apoiarnos na **democratización e na transparencia**, co home como o seu personaxe principal. O pobo, ademais, espera os cambios que deben producirse no sistema electoral.*

M. GORBACHEV. *Memoria dos anos decisivos (1985-1992)*

- Quen foi Mikhail Gorbachev? Que propón neste texto?

Mikhail Gorbachev foi o líder soviético que accedeu ao poder en 1985 e que puxo en marcha un programa de reformas que se concretou na perestroika (reconstrución) e a glasnot (transparencia), amosando a súa vontade de renovar o sistema económico e promover novas formas de participación política.

- Cales foron as principais causas da crise do mundo soviético?

A inicios dos anos 80, a URSS padecía unha profunda crise económica e social: presentaba uns gastos militares enormes, o nivel de vida da poboación era moi baixo, o seu nivel tecnolóxico era pouco desenvolvido e o seu prestixio estaba bastante deteriorado. A todo isto había que engadirle un amplo descontento social.

- Que eran as democracias populares?

O termo "democracia popular" outorgóuselles aos réximes xurdidos na Europa do Leste tras a Segunda Guerra Mundial. Eran os autodenominados estados socialistas, que tiveron un gran desenvolvemento durante o século XX.

- Cales diría que eran as principais diferenzas que existían entre o bloque comunista e o capitalista?

As principais diferenzas entre os dous bloques eran que o bloque americano se rexía pola orde social do capitalismo, baseado na liberdade económica e a propiedade privada, e por un réxime político asentado na democracia liberal, caracterizada por ser representativa e defender os dereitos e as liberdades. En cambio, o bloque soviético seguía a ideoloxía do socialismo, caracterizada pola colectividade da vida social e económica e un réxime político marcado polo control totalitario do Partido Comunista.

Actividades propostas

S1. Indique as causas e as consecuencias da crise económica de 1973:

▪ Causas	
▪ Consecuencias	

S2. Explique brevemente en que consiste o estado de benestar e cales son as súas principais características.

O estado do benestar consiste na intervención dos poderes públicos na vida económica e social para regular unha distribución máis equitativa da riqueza e garantirles a toda a cidadanía unhas condicións de vida dignas. Descansa sobre catro piares básicos: a educación obrigatoria e gratuíta, a sanidade universal e gratuíta, a seguridade social e os servizos sociais.

S3. Sinala a data na que ocorreu cada un destes acontecementos e ordéneos cronoloxicamente:

Orde	Acontecemento histórico	Data
	Caída do muro de Berlín.	
	Sinatura do Tratado de Maastricht.	
	Entrada en circulación do euro en once países.	
	Dimisión de Gorbachev como presidente da URSS.	
	Ataque terrorista ás torres xemelgas de Nova York.	
	Tratado de Unificación de Alemaña Oriental e Alemaña Occidental.	

2.2 A constitución da Unión Europea

2.2.1 Antecedentes do proxecto: os 40 e os 50⁷

- **1947. Plan Marshall** de investimentos en Europa (excepto España) para a reconstrución e para evitar o aumento da influencia do bloque comunista. Creación da **OCDE** (48) para xestionar eses fondos.
- **1949. OTAN.** Alianza militar dirixida por EUA na que se integran a maioría dos países de Europa Occidental.
- **1949. Consello de Europa.** Reunión de todos os países europeos. Aprobarán un convenio europeo dos dereitos humanos.
- **1948. Congreso da Haia.** Proponse a integración dos Estados europeos cos dous obxectivos de evitar máis guerras e promover o progreso común a través de dous medios:
 - Vía federal ou comunitaria (federalista), que apoia a cesión de poder a institucións supranacionais.
 - Vía confederal intergubernamental (nacionalista), acordos entre Gobernos sen cesións de poder por parte dos estados.

Jean Monnet, ex vicesecretario da SDN, planifica a unión de Europa a pequenos pasos:

- 1º **unión aduaneira** (unión dos aranceis a terceiros).
- 2º **unión económica** (eliminación dos aranceis internos, para crear un mercado único).
- 3º **unión política.**

Ese mesmo ano prodúcese a integración económica do Benelux (Bélxica, Holanda e Luxemburgo), eliminando as aduanas interiores. Servirá de modelo para o futuro.

1951. Tratado de CECA (entra en vigor no 1952)

O problema é que non estaba claro quen debía xestionar as minas do Rhur que ocupara Francia tras a guerra. Solúciónase coa creación da Comunidade Europea do Carbón e o aceiro, CECA, xestión compartida a través de varias institucións supranacionais que serán o xerme da futura unión, é o plan de Robert Schuman, as cinco institucións iniciais: Alta Autoridade (logo comisión), Consello de Ministros, Asemblea Común, Tribunal de Xustiza, Consello Económico e Social. Participan Francia, Alemaña, Italia e o Benelux (os 6).

⁷ Ver o seguinte vídeo: https://youtu.be/rgitH89_yw8

1952. CED

Problema, non se sabía como reconstruír o exercito alemán. Téntase facer o mesmo que a CECA para o ámbito militar coa creación dun exercito europeo no que se integren os nacionais. Fracaso pola oposición dos parlamentos inglés e francés.

2.2.2 Desenvolvemento da Unión Europea (desde 1960 ata o século XXI)⁸

Sinatura dos Tratados de Roma 1957 (entrada en vigor no 1958). Creación da CEE (mercado único) e EURATOM (enerxía nuclear). Monnet, Spaak (belga) e Beyen (holandés). Os mesmos países que a CECA.

Obxectivos

- Político: avanzar aos poucos, cara a unha maior integración política (normas e institucións comúns para todos).
- Económicos e sociais: favorecer a prosperidade dos países europeos co mercado único.
- Libre mercado: eliminación de aduanas internas para favorecer a competencia beneficiosa.
- Control da produción: para evitar competencia prexudicial.
 - Proteccionismo: os mesmos aranceis a produtos estranxeiros.
 - Favorecer a converxencia (o mesmo nivel de riqueza) entre os países europeos.
 - Redistribución de fondos estruturais desde os máis ricos aos máis pobres.
 - No futuro, avanzar cara a unha maior converxencia social.

Desde entón, vaise avanzando a base de novos tratados que seguen tres direccións:

- Integración económica: os Estados nacionais ceden poder e competencias económicas ás institucións europeas.
- Integración política: os Estados nacionais ceden poder e competencias políticas ás institucións europeas.
- Ampliación de países membros.

⁸ Ver a seguinte presentación en Flash: <http://www.profesorfrancisco.es/2009/11/formacion-de-la-union-europea.html>

A década de 1960 e inicio da década de 1970. Prosperidade e veto ao Reino Unido

- Sinatura do Tratado de Fusión (de institucións) 1965 (**entra en vigor no 1967**).
- Formación da Comunidade Europea (CE) coa unión de parte das institucións da CEE, CECA e EURATOM.
- 1973. 1ª ampliación: o Reino Unido, Irlanda e Dinamarca (os 9).
- 1974. Cume de París. Cambios institucionais.
 - Consello Europeo (principal institución, reunión xefes de Estado, éxito de confederalistas).
 - FEDER (fondos estruturais para os territorios).
- 1979. Primeiras eleccións directas ao Parlamento.
 - Sistema Monetario Europeo, que prepara a creación do Sistema de Bancos Centrais Europeos e o Euro (Eurosistema).
- 1981. 2ª ampliación: **Grecia (os 10)**.
- 1986. 3ª ampliación: España e Portugal (**os 12**).
 - Sinatura da Acta Única Europea en 1986 (entra en vigor no 1987). Cambios institucionais tras a ampliación no Consello de Europa, FEOGA (fondos para a agricultura), máis poder para o parlamento, integración para un mercado único etc.
 - Sinatura do Tratado da Unión Europea (TUE) ou de Maastricht en 1992 (entra en vigor en 1993). A Comunidade Económica convértese na Unión Europea (UE). Cambios institucionais, amplíanse competencias máis aló do económico, fondos de cohesión (investimentos en países máis pobres), PESC, Valedor do Pobo. Pero fracaso na integración social, que se elimina.
- 1995. *Espazo Schengen* (acordo asinado no 1985). Libre circulación de persoas polos países da Unión. Hoxe están todos os da UE (menos o Reino Unido e Irlanda) e mais Noruega.
- 1990. Ampliación da Unión Europea coa reunificación de Alemaña.
- 1995. 4ª ampliación: Austria, Suecia e Finlandia (**os 15**).
- 1998. Créase o *Banco Central Europeo*, dentro do Sistema de Bancos Centrais Europeos (SBCE), para planificar a política monetaria europea e implantar a moeda común.

- No 2002 o euro entra en circulación (agás no Reino Unido, Dinamarca e Suecia).
 - Sinatura do Tratado de Niza no 2001 (entra en vigor no 2003) que modifica as institucións para a ampliación e decide a creación dunha Constitución Europea.
- No ano 2004 elabórase a Constitución, que inclúe unha carta de dereitos fundamentais. Necesita ser aprobada por todos os parlamentos.
 - 2004. 5ª ampliación: os tres países bálticos (Estonia, Letonia e Lituania), cinco centroeuropeos (Polonia, República Checa, Eslovaquia, Hungría e Eslovenia) e dous insulares (Malta e a parte grega de Chipre).

2.2.3 Crise política e económica da Unión Europea (desde o século XXI)

Fracaso da converxencia social (nuns países máis cobertura e noutros menos), porque se dá prioridade á aplicación de **políticas neoliberais** (privatizacións e redución dos dereitos sociais e laborais) que benefician as grandes empresas pero prexudican a maioría. Os políticos europeos parecen subordinados aos intereses das grandes empresas, onde logo obteñen traballos millonarios, un tipo de corrupción legal chama "*portas xiratorias*". Isto leva á desconexión da poboación e os seus dirixentes europeos, polos que non se senten representados. Todo iso xa desde antes da crise.

- **2005. A Constitución Europea foi rexeitada en referendo en 2005** en varias nacións e, aínda que en España gañou o si, en Francia e en Holanda gañou o non. En consecuencia, a Constitución non puido aplicarse.

Razóns do rexeitamento

- *Para a esquerda:* a Constitución foi rexeitada polo seu carácter pouco democrático (fanse moi difíciles posteriores modificacións) e por situarse en contra dos dereitos sociais e laborais (que se omiten) e a prol das ideas neoliberais, que antepoñen os dereitos do mercado por riba dos dereitos da cidadanía.
- *Para os ultradereitistas:* a Constitución foi rexeitada porque os Gobernos nacionais perden poder.
- *Para os neoliberais:* a Constitución representaba o desenvolvemento do Estado ou do poder político que podía poñer en perigo os dereitos do mercado.

- 2007. O Tratado de Lisboa. Recóllense as propostas contempladas na Constitución, pero apróbase de modo intergubernamental. Os cambios máis significativos son: aumento dos asuntos nos que o parlamento ten poder de codecisión, créase a iniciativa cidadá europea (máis dun millón de firmas), faise vinculante a carta de dereitos fundamentais do cidadán da Unión Europea (menos para o Reino Unido e Polonia). O tratado entra en vigor no 2009.
- **2007. 6ª ampliación:** Romanía e Bulgaria. Quedan pendentes as solicitudes de Croacia, Macedonia e Turquía.
- 2009-2013. A crise económica da Unión Europa. O eurosistema foi incapaz de abordar a última crise económica con éxito. Os países do Mediterráneo (Grecia, Italia, España, Portugal etc.) non poden facer as reformas económicas e fiscais expansivas (procura do crecemento económico) que lles permitirían saír da crise, xa que as institucións europeas non lles permiten aumentar o investimento público e romper o pacto de déficit. En lugar diso, fan o contrario, as institucións europeas obrigan os países europeos do sur a pagar con fondos públicos as perdas de entidades privadas, como os bancos, porque estaban endebedadas cos países do norte. A perda de ingresos polo desemprego, o aumento de gastos por pagar aos parados e pola conversión de débeda privada en pública, disparan o déficit público. Actúase neste sentido porque o maior peso de decisión o teñen Alemaña e outros países ricos, aos que a política de incentivos económicos prexudica a curto prazo e cuxos bancos se endebedaron cos do sur.

Antepoñendo os seus intereses nacionais a curto prazo, os países centroeuropeos obrigan os mediterráneos a facer reformas que os prexudican, baixo a chantaxe de deixalos sen fondos europeos, do Banco Central ou ameazándoos con expulsalos do Euro.

- **2013. 7ª ampliación: Croacia.**
- **2015. Chantaxe a Grecia.** A cidadanía grega vota en referendo e apoia maioritariamente unha vía alternativa para saír da crise. **A Unión Europea négase** a aceptar isto e **chantaxea ao Goberno grego** con expulsalos do euro e abocar o estado grego á bancarrota se o fan. Baixo esta coacción ao Goberno grego, **non queda máis alternativa que claudicar e aplicar as medidas neoliberais que lle esixen as institucións europeas.**
- **2016. 1ª redución (Brexit).** O Reino Unido decide abandonar a Unión Europea por referendo, por razóns económicas (non queren contribuír aos orzamentos europeos) e antiemigratorias.

2.3 As institucións da Unión Europea

Os países da Unión Europea comparten unha serie de institucións

INSTITUCIÓN	COMPOSICIÓN	FUNCIÓNS	SEDE
Parlamento	Formado por eurodeputados e eurodeputadas, que se elixen por sufraxio universal cada cinco anos.	A principal é legislar, actividade que comparte co Consello de Europa (codecisión).	A súa sede principal é Estrasburgo (Francia).
Consello Europeo	Formado polos xefes/xefas de Estado ou de Goberno dos países membros. Están dirixidos por un presidente, elixido cada dous anos e medio.	Favorecer acordos entre países membros e tomar decisións de envergadura para a Unión.	Bruxelas (Bélxica).
Consello da Unión Europea	Formado polos ministros/as dos países membros, reúnense en función dos temas que se aborden: agricultura ...	Lexislativa e orzamentaria (xunto co Parlamento Europeo). Coordina, ademais, as políticas económicas.	Está en Bruxelas (Bélxica), pero tamén se reúne en Luxemburgo...
Comisión Europea	Está formado polo presidente/a (elixidos polos Gobernos da UE) e polos comisarios/as (un por cada Estado membro) que se ocupan de áreas.	Presenta propostas lexislativas ao Consello da Unión Europea e ao Parlamento e, á vez, xestiona o orzamento.	A súa sede principal está en Bruxelas (Bélxica).
Tribunal de Xustiza	Está formado por un xuíz/xuíza de cada país membro da UE.	Velar para que as leis comunitarias se apliquen correctamente.	Luxemburgo (Luxemburgo).
Tribunal de Contas Europeo	Un membro por cada país.	Comprobar se os fondos comunitarios se xestionan correctamente.	Luxemburgo (Luxemburgo).

Os fondos estruturais

España saíu beneficiada con estes fondos desde que entrou na UE. O seu obxectivo é reducir as desigualdades económicas entre as rexións e os países. A UE inviste no noso país por medio de varios fondos e institucións:

1. **Os fondos estruturais** serven para atallar as raíces estruturais do atraso económico. Teñen 6 tipos de obxectivos, entre os que destacamos:
 - **Rexións atrasadas.** Renda per cápita menor do 75 % da media europea (70 % do orzamento de fondos rexionais).
 - **Rexións en declive industrial** con alto desemprego.
 - **Recursos humanos,** educación e emprego.
 - **Áreas rurais atrasadas.**
 - **Zonas árticas** de Suecia e Finlandia.

Para alcanzar eses obxectivos, créanse catro tipos de fondos estruturais

FEDER	FEOGA	FSE	IOFP
Fondo Europeo para o Desenvolvemento Rexional.	Agricultura.	Fondo Social Europeo. Formación profesional.	Instrumento de Financiamento e Orientación de Pesca.

2. **Fondos de cohesión.** Son proxectos ambientais e de transporte para España, Portugal, Grecia e Irlanda. Así, poden realizar os recortes orzamentarios necesarios para entrar na unión monetaria.

3. **Outras fontes:**

- **BEI.** Banco Europeo de investimentos.
- Programas da Comisión Europea.

Consecuencias que tivo para España a ampliación cara ao leste

- **Novos mercados** para vender os nosos produtos.
- **Nova repartición dos fondos rexionais**, España deixará de recibir tanto diñeiro (está previsto que só sigan recibindo axudas **Galicia, Extremadura e Andalucía**).

2.4 A arte

2.4.1 A arte nos séculos XX-XXI

Expresionismo Abstracto

París era, desde o comezo da contemporaneidade, o principal centro cultural a nivel mundial. Os grandes artistas europeos do século XIX e da primeira metade do XX tomaran a cidade como fogar e taller e convertéranla no berce das vangardas da época. De feito, a urbe francesa deu nome a unha escola de artistas á que pertencían xenios como Picasso, Matisse ou Modigliani. Pero nada é eterno. **O auxe dos totalitarismos e a Segunda Guerra Mundial transformaron Europa nun escenario no que a arte quedaba relegada a un segundo plano.** Con iso, París viuse obrigada a ceder a testemuña de **capital da cultura á puxante Nova York.**


Este cambio de centro de gravidade non se xestou só. **Quince artistas plásticos déronse cita de maneira casual nos anos corenta e cincuenta do século XX na Gran Mazá.**

Estes pintores, que nunca se recoñeceron como un grupo e que sempre reivindicaron o seu individualismo, conformaron a "**Escola de Nova York**", unha denominación máis de carácter social que de uniformidade estilística e que pon o acento na **importancia desta megalópole** como novo centro de creación das novas tendencias e gran mercado de arte.

Tras a II Guerra Mundial, abandónanse as Vangardas, rachando todas as relacións coa arte tradicional. O centro principal agora trasládase a Nova York, e tamén **xorden novos valores, acordes cos movementos económicos e sociais, polo que aparece a "comercialización" da arte.**

Informalismo

Movemento artístico en pintura que deixa de preocuparse polas "formas"... Importa máis o acto de pintar que o resultado: "**Action Painting**", o seu mellor representante será **Jackson Pollock.**



Philip Guston (1940). *Gladiadores*. Óleo sobre lenzo que reflicte a etapa de influencia do muralismo mexicano no artista.

Mark Rothko, Jackson Pollock ou De Kooning foron algúns dos artistas de primeira liña que conformaron esta magnífica xeración da que naceu o **expresionismo abstracto**. **Philip Guston** foi outro dos seus membros. Nacido en Montreal en 1913, pronto abandonou o Canadá e trasladouse a Los Ángeles cos seus pais, un matrimonio xudeu de orixe ucráína que deixara atrás Europa fuxindo do antisemitismo. Con catorce anos ingresou en *Los Angeles Manual Arts High School*, onde **estudou xunto ao seu amigo Jackson Pollock**.




Jackson Pollock

Nos anos trinta, Guston comezou a realizar traballos de maneira profesional. As súas primeiras obras foron murais con claras influencias dos mexicanos Siqueiros e Rivera, pero tamén con alusións aos renacentistas Giotto, Masaccio e Piero della Francesca.

Moitos destes murais foron financiados pola WPA, a axencia creada no marco do New Deal, a política intervencionista do presidente Roosevelt que tiña como obxecto sacar os Estados Unidos da Gran Depresión a través da execución de obras públicas. Os debuxos e pinturas que Guston realizou nesa época están *marcados polas súas ideas políticas e sociais, pola súa visión da maldade do home*.

Tres expresionistas abstractas. Rompendo formas



Le Krasner (1949). *Sen título*.
Colección privada.

Sabemos sobradamente que a arte, considerada desde unha perspectiva histórica, resultou unha actividade predominantemente masculina e que non foi ata datas moi recentes cando a **presenza das mulleres nas distintas artes plásticas se incrementou de maneira notable**.

Esta situación tradicional que impedía o achegamento das mulleres (como protagonistas) á arte comezou a modificarse timidamente durante o século XIX, pero non será ata o XX cando tal situación se consolide de forma significativa. Mesmo podería afirmarse que, **a pesar da presenza de destacadas mulleres artistas nas**

primeiras décadas da centuria, será despois da Segunda Guerra Mundial cando as mulleres irrompan na arte, achegando a súa propia mirada ao mundo que as rodea. Neste sentido, é destacable a participación de varias pintoras no desenvolvemento do expresionismo abstracto, a pesar de que este pasase á historia simbolizado na obra de artistas masculinos. É neste contexto de presenza feminina crecente no que debemos situar o labor das artistas ás que agora nos referiremos. **As tres formaron parte do grupo do expresionismo abstracto norteamericano e as tres foron capaces de crear, dentro de dita corrente, un estilo propio.**

Desgraciadamente, no caso de Le Krasner (1908-1984), o seu matrimonio con Jackson Pollock foi tomado, en ocasións, máis en consideración que a súa propia produción pictórica, e iso a pesar da súa temperá dedicación á arte, bastante anterior ao seu casamento co pintor. A obra de Krasner transmite forza e atrapa con profundidade ao espectador atento, que cae preso do recargado panorama que se presenta ante os seus ollos, sobre todo nos seus cadros dos primeiros anos, nos que crea atmosferas densas ás que ela mesma chamaba xeroglíficos. Só nos anos posteriores á morte de Pollock (1956) apreciamos como as paisaxes abstractas de Krasner se van suavizando, perdendo densidade progresivamente, ata o punto de reservar espazos en branco dentro da obra. En ocasións, a procura do equilibrio persoal ten esas esixencias.

Pola súa banda, **Joan Mitchell (1926-1992)**, que podemos situar na segunda xeración do expresionismo abstracto norteamericano, emprega unha linguaxe



Joan Mitchell (1958). *Sen título*. Nova York.


absolutamente persoal, no que resultan claramente visibles **referencias á paisaxe e a elementos da natureza**, cun forte sentido lírico. A súa **sabia utilización das cores**, frecuentemente sobrepostos sobre fondos claros, achega aos seus cadros una certa sensación de profundidade, coma se observásemos figuras naturais nunha paisaxe natural.

Finalmente, **Helen Frankenthaler (nada en 1928)** emprega unha técnica que dá aos seus cadros, a pesar de estar pintados habitualmente ao óleo, unha aparencia semellante á acuarela.

Este recurso sèrvelle para crear composicións abstractas máis ordenadas nas que, nalgún momento, atopamos a influencia da corrente dos campos de cor.

Os seus cadros, como os de Rothko, convidan á reflexión interior a partir dos escasos elementos presentes na obra.

Mulleres pintoras. Expresionistas abstractas que, desde mediados do século XX contribuíron a derrubar o invisible muro que deixaba de lado as mulleres como realizadoras de obras de arte. O seu traballo e o seu labor de pioneiras non caeron en saco roto.



Helen Frankenthaler (1959). *Paisaxe en Madrid*. Baltimore.

Arte pop



Andy Warhol (1986). *Autorretrato*.




Andy Warhol (1969). *Lata de sopas Campbell's*.

A figura de Andy Warhol (1928-1987), artista norteamericano (aínda que de procedencia eslovaca) atópase nas orixes da arte pop. Un artista que colaborou con Lou Reed e a súa "Velvet Underground", que creou unha "factoría" para a

experimentación artística, que filmou películas imposibles, que ilustrou revistas e que, sobre todo, descubriu que nos obxectos de uso cotián tamén se oculta a arte.

Un home que considerou que a arte tamén podía consistir na repetición dunha imaxe, ata facela insistentemente visible, ata conseguir que esa imaxe quede arquivada no cerebro do espectador: a seriación, unha especie de produción industrial aplicada á arte. O home que *popularizou o retrato de Mao, o seu e o de Marilyn; a cadeira eléctrica, o xabón Brillo e a lata de sopas Campbell's. O home que inventou o pop-art. A estrela da modernidade.*




Andy Warhol (1972). *Serigrafías de Mao*.

A arte da "cultura de masas". Roy Lichtenstein

Roy Lichtenstein (1923-1997) foi un pintor norteamericano ao que podemos considerar como o introdutor, no mundo da arte, da denominada cultura de masas, pola súa tendencia habitual ao emprego das formas do cómic, a viñeta, os recursos publicitarios e, en xeral, todo tipo de artes gráficas.

Cun doutoramento en Belas Artes e dedicado á docencia durante varios anos, Lichtenstein desenvolveu unha extensa carreira artística que atravesou diversos períodos e estilos ata que, a **inicios dos anos 60, comeza a**



Roy Lichtenstein (1963). *Whaam!* 1'62 x 4,21 m.

realizar os seus primeiros traballos do que coñecemos como arte pop. Para iso, creou algunhas obras a partir de viñetas e cómics, que modificaba lixeiramente **substituíndo en ocasións os debuxos orixinais por series de puntos da mesma cor que, xunto a algunhas liñas básicas, compoñían as figuras.** Desde entón, o artista experimentou con diversas técnicas, facendo tamén incursións nos murais, a escultura ou os esmaltes, mostrando en todo iso o seu habitual informalismo e a súa predilección por algúns temas, como os personaxes de cómic ou os espidos femininos.

O Equipo Crónica. Arte pop e crítica social na España de Franco

A súa reinterpretación das *Meninas* de Velázquez, na que o Equipo se autorretrata e sitúa un flotador de baño e un balón en primeiro plano, resume claramente a súa visión dunha España de praias e campos de fútbol.



Equipo Crónica:
"As meninas ou a salita". (1970)

En 1964, un grupo de nove artistas, que pronto quedaron en tres, creou o Equipo Crónica, unha das **formacións colectivas que con máis forza trouxo aires de modernidade á pintura española.**

Tras a retirada dun dos membros, o Equipo acabou constituído por **Rafael Solbes e Manolo Valdés** e así se mantivo ata que a morte do primeiro deles, en 1981, rematou coa experiencia, xusto no momento no que o noso país acababa xa a transición cara á democracia.

Desde unha perspectiva técnica, a obra do Equipo Crónica é de signo claramente **figurativo e atópase bastante relacionada coa arte pop, que na época de creación do Equipo triunfaba no mundo**. Con todo, a súa obra esténdese a outros ámbitos, ao adoptar unha firme posición de **denuncia social, que combina co recurso á ironía ou ao humor máis desenfadado**. En todo iso hai tamén motivos procedentes da **cultura popular, das vangardas máis diversas e das tradicións máis académicas, recorrendo ademais á apropiación e reelaboración (desde o seu peculiar punto de vista) de obras realizadas por grandes autores españois de épocas anteriores**.



Equipo Crónica (1971).
Guernica (serigrafía). (1972).
Pintar é como golpear.

En definitiva, unha especie de *totum revolutum* que veu **achegar ás nosas artes plásticas un estilo novo e algo desenfadado, pero que ao mesmo tempo facía reflexionar ao espectador sobre a situación do país, sobre a súa historia e as súas máis arcaicas tradicións**. Un Equipo que quería ser unha especie de xornalista centrado na **análise da realidade da época**, aínda que peneirara esa realidade desde o seu particular punto de vista.

Arquitectura 1950-2000. Un panorama diversificado

Non resulta fácil efectuar unha rápida síntese do panorama da arquitectura na segunda metade do século XX. Dun lado, debemos ter presente que neste período seguiron plenamente viventes as grandes achegas que desde os anos inmediatamente anteriores se efectuaron por parte do movemento racionalista e, en xeral, do que poderíamos denominar como vangardas arquitectónicas. Doutro lado, nesta etapa asistimos a unha verdadeira multiplicidade de propostas arquitectónicas que veñen responder ás variadas necesidades dunha sociedade en acelerado progreso. Neste sentido, **tres son as correntes principais que podemos sinalar:**

a) En primeiro lugar, os principios construtivos do racionalismo, nas súas diversas tendencias, continúan vixentes nos autores que conforman o denominado estilo internacional, que arraiga en profundidade nos Estados Unidos, como consecuencia do labor docente e de edificación que realizan alí os grandes arquitectos procedentes de Europa, de forma moi destacada Mies van der Rohe e Walter Gropius. Con todo, achamos tamén propostas deste estilo nas formulacións que, desde o Brasil, fai Óscar Niemeyer, sen esquecermos o exemplo de planificación urbanística que efectúa Le Corbusier para a cidade india de Chandigarh.

b) En segundo lugar, e case de maneira simultánea, asistimos á aparición do chamado estilo tardomoderno, dalgunha maneira herdeiro do anterior, pero coa novidade de introducir nas súas construcións elementos relacionados coa revolución tecnolóxica que mesmo pasan a formar parte da propia imaxe exterior do edificio, tratando de ofrecer unha nova estética. Ao mesmo tempo, trátase de recuperar algúns elementos procedentes da tradición máis clásica. Os italianos Aldo Rossi e Renzo Piano, o inglés James Stirling e o norteamericano Richard Rogers serían os máis destacados arquitectos desta tendencia.

c) Unha terceira tendencia arquitectónica pode ser denominada como estilo posmoderno, que cabería considerar como unha crítica aos presupostos básicos do racionalismo. Non importa agora unicamente a forma do edificio. Interesa tamén a súa decoración, á vez que se aposta por recuperar elementos das distintas tradicións arquitectónicas do pasado, o que devén nunha especie de novo historicismo arquitectónico. O norteamericano Robert Venturi e o español Ricardo Bofill son os máis destacados expoñentes desta corrente que, con todo, carece dun carácter unitario.

Pero, en calquera caso, quizais caiba dicir que ningunha destas escolas ou, máis ben, tendencias arquitectónicas chegou ao nivel de formulación teórica que fundamenta a obra do racionalismo, aínda que non tiveron problemas para desenvolver na práctica as súas formulacións, favorecidas todas elas polo vórtice construtivo que pareceu sacudir ao planeta a partir da finalización da Segunda Guerra Mundial. Percorrer hoxe os lugares centrais das principais cidades do mundo é ben demostrativo diso. **Había sitio para todos.**

Arquitectura. O arquivo Bauhaus

Ao longo de todo o século XX, a **Bauhaus** foi probablemente o intento máis interesante de concibir a arte de forma completamente integral. Unha escola que dirixiron **Walter Gropius e Mies van der Rohe, ata que a barbarie do nazismo acabou por clausurar un centro que se baseaba, antes que en calquera outro precepto, na liberdade de creación.** O tempo pasou, pero nin a Bauhaus nin as



súas formulacións foron esquecidas; en 1960 levou a cabo, na cidade de Darmstadt, a creación do primeiro arquivo da institución, que logrou reunir un importante número de obxectos creados por profesores e alumnos da escola e un amplo conxunto de documentos sobre a súa traxectoria, ademais dunha

biblioteca de máis de 30.000 volumes.


Aquela iniciativa debía completarse coa construción dun edificio propio que servise como sede do arquivo, para o que se encargou un proxecto, precisamente, ao arquitecto Walter Gropius, quen foi o creador e primeiro director da escola. Desafortunadamente, unha serie de dificultades impediron levar a cabo aquela idea e non foi ata anos máis tarde cando o proxecto de Gropius se fixo realidade na cidade de Berlín, nova sede do arquivo, aínda que con algunhas modificacións respecto dos planos orixinais.

Actividade resolta⁹

Sítue e poña o nome das capitais dos Estados que pertencen á Unión Europea



⁹ No solucionario, a maiores hai unha relación numerada de países e capitais da UE.



Nº	Bandeira	País	Capital
1		Alemaña	Berlín
2		Austria	Viena
3		Bélxica	Bruxelas
4		Bulgaria	Sofía
5		Chipre (*)	Nicosia
6		Croacia	Zagreb
7		Dinamarca	Copenhague
8		Eslovaquia	Bratislava
9		Eslovenia	Liubliana
10		España	Madrid
11		Estonia	Tallin
12		Finlandia	Helsinki
13		Francia	París
14		Grecia	Atenas

15		Hungría	Budapest
16		Irlanda	Dublín
17		Italia	Roma
18		Letonia	Riga
19		Lituania	Vilnius
20		Luxemburgo	Luxemburgo
21		Malta	A Valeta
22		Países Baixos	Ámsterdam
23		Polonia	Varsovia
24		Portugal	Lisboa
25		Reino Unido	Londres
26		Checa República	Praga
27		Romanía	Bucarest
28		Suecia	Estocolmo

Actividades propostas

S4. Conteste estas preguntas sobre a globalización e os problemas do mundo actual:

▪ En que consiste a globalización?
▪ Na súa opinión, que aspectos positivos ten a globalización? E negativos?
▪ Que impacto tivo o desenvolvemento da tecnoloxía da información na conformación do mundo actual?
▪ Que é o efecto invernadoiro? Que consecuencias ten o efecto invernadoiro sobre o planeta?

S5. Explique brevemente por que os Estados Unidos se converteron na única superpotencia mundial na década de 1990.

--

S6. Lea o seguinte recurso textual sobre a crise de 2008-2011. Logo céntrese na crise do crédito e explique as súas causas e a súa evolución até chegar ao colapso financeiro:

<http://www.tiching.com/753321>

Actividade resolta

Causas da primavera árabe	
Históricas	Apoio tradicional dos EUA a diversas ditaduras no mundo árabe, para garantir os seus intereses xeoestratéxicos na rexión, sacrificando as aspiracións democráticas cidadás.
Políticas	Fortalecemento dos islamismos nos países árabes, desde os políticos (que reclamaban xustiza social e denunciaban a corrupción, o nepotismo e a tiranía) até os máis radicais e defensores da violencia. Os países occidentais seguiron consentindo as ditaduras nos países árabes para manter o islamismo, que causa medo en occidente, baixo control.
Económicas	Repercusión da crise económica global nos países árabes e implantación de duros programas de axuste económico ditados polo FMI, que empeoraron o nivel de vida dos máis pobres e ameazaban as clases medias urbanas.
Climáticas	Desastre ecolóxico en Rusia, o maior exportador de cereais do mundo. Causou un incremento dos prezos dos produtos alimentarios de primeira necesidade nos países árabes.
Sociais	Os novos medios de comunicación, as redes sociais e o canal Al Jazeera permitiron franquear o muro do medo aos opositores e organizar protestas masivas en contra dos réximes autoritarios instalados no poder no mundo árabe.

3. Resumo de contidos

1. Unha nova orde internacional

- Extinguida a URSS en 1991, iniciouse unha nova etapa das relacións internacionais na que os EUA empezaron a actuar como xendarme do mundo en función dos seus intereses.
- En 1990, EUA liderou unha coalición internacional que contestou o ataque de Iraq a Kuwait e obrigou a Iraq a pagar indemnizacións, a eliminar o seu material químico e nuclear e a ter o seu petróleo baixo embargo económico. O 11 de setembro de 2001, EUA foi vítima dun ataque terrorista da organización Al Qaeda. A reacción estadounidense pasou por invadir Afganistán, cuxo réxime dos talibán era apoiado por Al Qaeda.
- En 2003, os EUA atacaron de novo Iraq; argumentaron que posuía armas nucleares e que estaba vinculado con grupos terroristas. Este ataque non contou co apoio da ONU, pero si o de España, Gran Bretaña e Portugal. O derrocamento de Saddam Hussein deu lugar a graves enfrontamentos no país.

2. Europa tras a caída do muro de Berlín

Tras a desintegración da URSS, a Federación Rusa resultante adoptou, teoricamente, unha democracia multipartidista baixo a presidencia de Boris Eltsin (1991-1999).

Entre 1999 e 2008, baixo a presidencia de Vladimir V. Putin, a Federación Rusa iniciou un período de crecemento económico e de intensa actividade diplomática para situarse no concerto internacional. En Europa, e coa firma do Tratado de Maastricht, iniciouse un profundo proceso de integración:

- Establecéronse institucións e competencias supranacionais.
- Planificouse unha política exterior e de seguridade común.
- Creouse unha cidadanía europea.
- Implantouse unha moeda única, o euro.

3. As consecuencias da economía globalizada

- Unha redución das barreiras e unha maior mobilidade de mercadorías, capitais e persoas por todo o planeta.

- A interdependencia das economías nacionais.
- A circulación, a gran rapidez, da información, os servizos e os produtos culturais.
- A globalización do mercado de capitais permitiu un aumento da actividade financeira especulativa, cuxo resultado foi a crise económica mundial iniciada en 2008.

O mundo actual

4. A emerxencia de novos centros económicos

Nas últimas décadas xurdiron novas economías como o Brasil, Rusia, a India e a China (BRICS). De feito, a súa crecente influencia maniféstase na súa inclusión no G-20, creado en 1999 e formado polos países de maior poder económico e de decisión do mundo, que é o gran foro da economía internacional.

- Integran o G-20: G-8 (Alemaña, Francia, Italia, o Reino Unido, EUA, o Canadá, o Xapón e Rusia), once países de economías emerxentes (Arabia Saudita, a Arxentina, Australia, o Brasil, a China, Corea do Sur, a India, Indonesia, México, Suráfrica e Turquía) e a UE (como bloque económico). Desde 2008, España e os Países Baixos son convidados permanentes e participaron nas reunións do G-20, aínda que non son países membros.

Isto levou a que o mundo actual teña unha estrutura multipolar. Estas economías presentan unhas características comúns:

- Elevada poboación.
- Gran aumento do produto interior bruto (PIB).
- Unha taxa de crecemento económico próxima ao 10 % anual.
- Unha progresiva mellora do nivel de vida da poboación.

Aínda así, estes países deben facer fronte a certos desafíos, como manter o crecemento e a estabilidade.

5. Desigualdade e conflitos sociais

A globalización ou mundialización non significa igualdade, de feito produciuse todo o contrario, xa que se acentuaron as desigualdades sociais e as diferenzas territoriais. Así, máis de 850 millóns de persoas pasan fame no mundo e moitas morren por falta de alimentos. Ademais, as diferenzas de renda son moi grandes entre países ricos e pobres.

- África, dentro do escenario internacional, é un continente abandonado, con graves desigualdades, miseria e conflitos bélicos.
- O mundo árabe, en especial, a zona do Magreb e Oriente Próximo, é tamén un foco de desigualdade e tensión, a pesar de que algúns países como o Sudán posúen enormes riquezas petrolíferas, as súas clases dirixentes foron incapaces de modernizar a súa sociedade e economía, acabar coa pobreza, o analfabetismo, o paro e dar máis liberdade á poboación. Por iso, nas últimas décadas creceu a influencia islamita radical (Irmáns Musulmáns), deuse un aumento da influencia do islamismo radical. Entre os anos 2010 e 2011 producíronse revoltas (as denominadas "primaveras árabes") que derrocaron diversos Gobernos.

No mundo desenvolvido produciuse tamén un aumento da desigualdade entre a poboación máis pobre e a máis rica, **en especial pola competencia internacional e a crise económica. Todo iso está a ameazar o estado de benestar construído nas últimas décadas.**

6. A sociedade do século XXI

Nos países industrializados desenvolveuse un tipo de sociedade que presenta unhas transformacións significativas:

- Creceu o proceso de urbanización e practicamente desapareceu o campesiñado.
- Retrocedeu a clase obreira tradicional ante o desenvolvemento do sector terciario e aumentou o número de profesións que precisan estudos secundarios ou superiores.
- As mulleres lograron maior capacidade de decisión.
- O modelo social (valores, familias reducidas, individualismo) tamén se transformou.

Nos países pobres eses cambios foron menores:

- Obsérvase unha diminución do número de campesiñado, pero a sociedade segue sendo rural.
- As familias son amplas e tradicionais.
- É común a discriminación das mulleres.

O cambio social máis importante das últimas décadas, no mundo industrializado, foi a desaparición case total do campesiñado (un 4,4 % do total da poboación activa), fenómeno que tamén se fai extensible a outras economías, onde a súa presenza se reduce á metade.

- A clase obreira, tradicional das economías industrializadas, retrocedeu ata o 24,5 % da poboación activa ante o avance das novas tecnoloxías e o sector servizos, que concentran o 71,1 % da poboación activa. Ademais, dentro dos perfís profesionais requírese cada vez máis poboación con estudos secundarios ou superiores.
- A diminución da poboación campesiña ten propiciado unha crecente urbanización, un gran crecemento das cidades, dotadas de servizos, infraestruturas, transportes etc.
- Nos países industrializados occidentais predomina o modelo urbano, con familias nucleares, baixa natalidade, alta esperanza de vida e envellecemento da poboación, cun estilo de vida individualista e consumista, onde se valora socialmente o éxito e o diñeiro. Nestas sociedades xeneralizouse a incorporación da muller ao traballo.
- Nas zonas menos desenvolvidas do planeta predominan as sociedades rurais, onde subsiste un modelo de familia extensa, elevada natalidade, hai un gran respecto pola tradicións, as relacións sociais son comunitarias, hai unha marxe de liberdade persoal máis escasa e unha integración laboral da muller moi reducida.
- Para contestar as desigualdades sociais, políticas, económicas; combater as inxustizas, a deterioración ambiental, a explotación infantil e da muller etc., xurdiron organizacións non gobernamentais, movementos antiglobalización e movementos sociais como os indignados.

O mundo viviu un acelerado proceso de globalización nas últimas décadas

- A crise económica de 2008 golpeou duramente a economía internacional.
- Só un quinto da poboación mundial vive nos países desenvolvidos, pero países tradicionalmente pobres e moi poboados, como a China e a India, experimentaron un importante desenvolvemento nos últimos tempos.
- África segue sendo o continente máis atrasado e con maiores dificultades económicas.
- A poboación mundial creceu aceleradamente na segunda metade do século XX,

pero o descenso da natalidade fará que probablemente se estableza arredor do 2050.

- O descenso da natalidade está a provocar un crecente proceso de envellecemento.
- As grandes migracións internacionais desde os países de renda media e baixa aos países máis desenvolvidos está conformando sociedades máis complexas e multiculturalis.
- Tras a desaparición da URSS en 1991, os EUA quedaron como única superpotencia e a OTAN, como única grande alianza militar.
- A caída das "democracias populares" provocou a rápida expansión da UE.
- O xihadismo atacou EUA e Europa nos últimos anos, aínda que a maior parte das súas vítimas se atopan entre a poboación dos países musulmáns.
- O ataque sobre EUA o 11 de setembro de 2001 provocou a reacción norteamericana e a invasión de Afganistán e Iraq.
- A China experimentou un crecemento fulgurante nas últimas décadas e Asia configúrase como o continente hexemónico no século XXI.

A Unión Europea (UE) é unha organización económica e política formada por 27 países europeos democráticos. Case 500 millóns de persoas forman parte dela.

- No aspecto económico, os países da Unión Europea comparten unhas normas comúns en agricultura, transportes, pesca, industria... Ademais, moitos países da Unión Europea teñen o euro como moeda oficial, por exemplo, Malta, Chipre, Eslovaquia...
- No aspecto político, a cidadanía de calquera país comunitario pode residir, estudar ou traballar nos demais países da Unión. Tamén poden votar e formar parte de candidaturas nas eleccións municipais e nas eleccións ao Parlamento Europeo.
- Ademais, os países da Unión Europea adoptaron diversas medidas conxuntas para protexer o medio ambiente, loitar contra a delincuencia e o terrorismo, defender a igualdade entre homes e mulleres e protexer os dereitos dos consumidores.

Os símbolos

A Unión Europea ten uns símbolos que a identifican. **A bandeira, o himno e o día de Europa.**

A bandeira da Unión Europea é azul e ten doce estrelas douradas distribuídas en forma de círculo, que representan a **solidariedade e a harmonía** entre os pobos europeos.



- En 1945, tras finalizar a Segunda Guerra Mundial, algúns países europeos decidiron cooperar entre eles para evitar que se producisen novas guerras e para mellorar o desenvolvemento económico de Europa.
- Uns anos despois, en 1957, Alemaña Federal, Italia, Bélxica, os Países Baixos, Luxemburgo e Francia asinaron os Tratados de Roma e constituíron a Comunidade Económica Europea (CEE). Desta maneira, crearon un mercado común, é dicir, unha zona na que os seus produtos podían circular libremente entre estes seis países sen ter que pagar impostos nas aduanas.
- Máis tarde, en 1992, os membros da Comunidade Económica Europea asinaron o Tratado de Maastricht, polo que a Comunidade Europea pasou a chamarse Unión Europea. Desde entón, a Unión Europea foise ampliando progresivamente ata chegar aos 27 países que a forman na actualidade. España ingresou nesta organización en 1985.

Últimas décadas. Proceso de globalización

- A crise económica de 2008 golpeou duramente a economía internacional. Só un quinto da poboación mundial vive nos países desenvolvidos, pero países tradicionalmente pobres e moi poboados, como a China e a India, experimentaron un importante desenvolvemento nos últimos tempos.
- África segue sendo o continente máis atrasado e con maiores dificultades económicas.
- A poboación mundial creceu aceleradamente na segunda metade do século XX, pero o descenso da natalidade fará que probablemente se estabilice en torno ao 2050.
- O descenso de natalidade está a provocar un crecente proceso de envellecemento.

- As grandes migracións internacionais desde os países de renda media e baixa aos países máis desenvolvidos está conformado sociedades máis complexas e multiculturais.
- Tras a desaparición da URSS en 1991, os EUA quedaron como única superpotencia e a OTAN como única grande alianza militar.
- A caída das "democracias populares" provocou a rápida expansión da UE.
- O xihadismo atacou EUA e Europa nos últimos anos, aínda que a maior parte das súas vítimas áchanse entre a poboación dos países musulmáns.
- O ataque sobre EUA o 11 de setembro de 2001 provocou a reacción norteamericana e a invasión de Afganistán e Iraq, apoiado directamente por España (José María Aznar), Gran Bretaña (Tony Blair) e Portugal (José Manuel Durão Barroso).
- A China experimentou un crecemento fulgurante nas últimas décadas e Asia configúrase como o continente hexemónico no século XXI.

4. Actividades complementarias

S7. Defina brevemente os seguintes termos relacionados co mundo actual:


Federación Rusa.
Acordo de Schengen.
Políticas de austeridade.
Fundamentalismo islámico.

S8. Consulte esta web e resuma moi brevemente a historia da formación da UE.

<http://www.tiching.com/753886>

S9. Consulte a seguinte web e responda as preguntas.

<http://www.tiching.com/753305>

	<ul style="list-style-type: none">▪ Como se titula esta obra? Quen é o seu autor?
	<ul style="list-style-type: none">▪ A que estilo se adscribe? Por que?
	<ul style="list-style-type: none">▪ Que representa esta pintura? Que composición ten o cadro?

5. Exercicios de autoavaliación

1. Que nome recibe a organización máis coñecida do xihadismo?

- Al Qaeda.
- Osama Bin Laden.
- Al Jazeera.

2. Tras os atentados de setembro de 2001, os Estados Unidos liderados por George Bush aplicaron unha política antiterrorista en ocasións afastada da defensa dos dereitos humanos. Esta política incluíu a invasión de dous países. Cales foron eses países?

- Afganistán e Irán.
- Irán e Iraq.
- Afganistán e Iraq.

3. Que outras dúas cidades do mundo occidental sufriron brutais atentados xihadistas en 2004 e 2005?

- París.
- Madrid.
- Londres.
- Berlín.

4. Por que é Irán unha das grandes preocupacións mundiais no ano 2010? Selecciona a resposta correcta:

- Porque o seu líder Ahmadinejad manifestou a súa intención de invadir Iraq.
- Porque o seu líder Ahmadinejad ten relanzado o programa civil nuclear iraniano.

5. Que nome recibiu a comunidade creada polo Tratado de París, para xestionar en común a produción de carbón e aceiro?

- UEA.
- CEEA.
- CECA.

6. Solucionario

6.1 Solucións das actividades propostas

S1. *Indique as causas e as consecuencias da crise económica de 1973.*

<ul style="list-style-type: none">▪ Causas	<ul style="list-style-type: none">▪ En 1973, durante a guerra árabe-israelí, como arma política, os países árabes produtores de petróleo cuadruplicaron o prezo do barril, que continuou subindo nos anos seguintes.
<ul style="list-style-type: none">▪ Consecuencias	<ul style="list-style-type: none">▪ O impacto sobre a economía foi brutal, xa que repercutiu na suba dos custos de produción, no aumento da inflación e na diminución da demanda. Moitas empresas quebraron e o paro alcanzou cifras moi elevadas.

S2. *Explique brevemente en que consiste o estado de benestar e cales son as súas principais características.*

O estado do benestar consiste na intervención dos poderes públicos na vida económica e social para regular unha distribución máis equitativa da riqueza e garantirlle a toda a cidadanía unhas condicións de vida dignas. Descansa sobre catro piares básicos: a educación obrigatoria e gratuíta, a sanidade universal e gratuíta, a seguridade social e os servizos sociais.

S3. *Sinale a data na que ocorreu cada un destes acontecementos e ordéneos cronoloxicamente.*

Orde	Acontecemento histórico	Data
1	Caída do muro de Berlín.	9-10 novembro de 1989
2	Tratado de Unificación de Alemaña Oriental e Alemaña Occidental.	3 de outubro de 1990
3	Dimisión de Mikhail Gorbachev como presidente da URSS.	25 de decembro de 1991
4	Sinatura do Tratado de Maastricht.	7 de febreiro de 1992
5	Ataque terrorista ás torres xemelgas de Nova York.	11 de setembro de 2001
6	Entrada en circulación do euro en once países.	1 de xaneiro de 2002

S4. *Explique brevemente por que os Estados Unidos se converteron na única superpotencia mundial na década de 1990*

Os Estados Unidos convertéronse na única superpotencia mundial na década de 1990 porque se produciu a desintegración do bloque comunista e a maioría dos países que procedían de réximes socialistas desapareceron ou introduciron cambios democráticos.

S5. *Conteste estas preguntas sobre a globalización e os problemas do mundo actual:*

<ul style="list-style-type: none">▪ En que consiste a globalización? A globalización ou mundialización é a interdependencia económica do conxunto dos países do mundo, desenvolvéndose unha parte importante da actividade económica entre persoas e empresas de diferentes países.
<ul style="list-style-type: none">▪ Na súa opinión, que aspectos positivos ten a globalización? E negativos? A globalización da economía causou un aumento do comercio internacional e dos investimentos no exterior, así como a internacionalización do mercado de capitais. Tamén consolidou uns centros de decisión e outros núcleos dependentes, que adoitan ser as economías dos países tecnoloxicamente máis atrasados. A globalización permitiu o crecemento económico e a incorporación ao mercado internacional de países como a China ou a India, competindo directamente coas economías dos países occidentais, que se encontran nun proceso de descenso do seu crecemento. Tamén permitiu a división e deslocalización do traballo, co traslado dos centros produtivos das grandes industrias a países subdesenvolvidos, con condicións laborais e custos de produción máis baixos. Finalmente, a globalización, que supuxo a desregulación do mercado de capitais, fomentou o incremento da actividade financeira especulativa, en detrimento do investimento en sectores produtivos das economías nacionais.
<ul style="list-style-type: none">▪ Que impacto tivo o desenvolvemento da tecnoloxía da información na conformación do mundo actual? A revolución das comunicacións permitiu a transmisión de información instantánea e facilitou a xestión dos negocios desde calquera lugar do mundo.
<ul style="list-style-type: none">▪ Que é o efecto invernadoiro? Que consecuencias ten o efecto invernadoiro sobre o planeta? É un proceso no que a radiación térmica emitida pola superficie planetaria é absorbida polos gases de efecto invernadoiro (GEI) atmosféricos e é reirradiada en todas as direccións. Xa que parte desta radiación é devolta cara á superficie e a atmosfera inferior, produce un incremento da temperatura superficial media respecto do que habería en ausencia dos GEI.▪ Consecuencias do efecto invernadoiro<ul style="list-style-type: none">▪ A diminución da temperatura da atmosfera en - 4 °C por baixo suporía unha época de glaciación▪ O aumento en + 4 °C a temperatura que encerra o efecto invernadoiro será causa do quecemento global con incremento do nivel do mar, precipitacións tempestuosas, incremento dos fenómenos climáticos extremos tales como furacáns, tornados, fenómeno do neno, desertización de bosques, extinción de especies e problemas para a agricultura e gandería.▪ Clima estable apropiado para xerar e manter a vida.

S6. *Lea o seguinte recurso textual sobre a crise de 2008-2011. Logo céntrese na crise do crédito e explique as súas causas e a súa evolución até chegar ao colapso financeiro:*

<http://www.tiching.com/753321>

Nos Estados Unidos os investidores inicialmente colocaban o capital en bonos da reserva federal, pero tras o 11-S, coa baixada do tipo de interese ao 1 %, deixou de ser interesante. Isto facilitou o crédito. Os investidores queren participar neste negocio e Wall Street conéctaos cos donos das casas a través das hipotecas. Todo funcionaba ben porque os prezos subían cada vez máis. Os bancos investidores compran cada vez máis hipotecas con diñeiro prestado e quedan cos pagos mensuais dos propietarios.

Estas hipotecas pódense avaliar en: seguras, boas e de risco. Logo véndense por separado as tres categorías a diferentes investidores. As hipotecas de risco véndense a "*hedg funds*" e a outros que queren correr o risco.

Todo isto funciona ben até que chega un momento en que xa non hai máis hipotecas, porque están todas vendidas. Así pois, para adquirir novas hipotecas tómanse máis riscos e **concédense hipotecas para persoas que non teñen medios suficientes.** Cando os propietarios deixan de pagar, os donos das hipotecas perden ingresos mensuais, pero aínda seguen contando co inmoible. **Cada vez máis e máis inmoibles están en venda no mercado, hai máis oferta que demanda e os prezos acaban caendo.**

Os fondos xa non se lle podían vender a ninguén e o investidor non podía pagar o crédito que contratara. **O sistema financeiro conxélase e prodúcese a bancarrota.**

6.2 Solucións das actividades complementarias

S7. *Defina brevemente os seguintes termos relacionados co mundo actual*

<p>Federación Rusa</p> <p>A Federación Rusa está formada por un gran número de subdivisións políticas diferentes. Hai 21 ou 22 repúblicas dentro da federación que gozan dun alto grao de autonomía sobre a maior parte das cuestións internas. Cada república ten a súa propia constitución. A capital é Moscú.</p>
<p>Acordo de Schengen</p> <p>Supuxo a supresión das fronteiras comúns entre a maioría dos Estados europeos, favorecendo a mobilidade da cidadanía e contribuíndo ao dinamismo económico e cultural. Foi formado en 1985 e entrou en vigor en 1995.</p>
<p>Políticas de austeridade</p> <p>A política da UE, ante a crise, deu a orde de controlar o déficit dos Estados e a obrigatoriedade de facerlles fronte ás débedas. Todo isto fixo que os orzamentos sociais se reduciran enormemente. En España, esa redución obsérvase nas transferencias ás Comunidades Autónomas, que son as que teñen ao seu cargo a sanidade, a ensinanza, a axuda á dependencia etc.</p>
<p>Fundamentalismo islámico</p> <p>Inclúe diversas correntes relixiosas islámicas que se opoñen á extensión do laicismo e dos modelos sociais occidentais nos seus países. Defenden un retorno ás tradicións islámicas, unha observación estrita do Corán e sistemas políticos baseados no islamismo.</p>

S8. *Consulte esta web e resuma moi brevemente a historia da formación da UE.*

<http://www.tiching.com/753886>

<p>En 1957 créase a chamada Comunidade Económica Europea (CEE), integrada por Francia, Bélxica, Luxemburgo, Países Baixos, Alemaña e Italia. Ao longo da súa historia producíronse estas ampliacións: en 1973 incorporáronse, o Reino Unido, Irlanda e Dinamarca; en 1981 incorporouse Grecia; en 1986 incorporáronse, Portugal e España; en 1990 entrou Alemaña do leste; en 1995 entraron Austria, Finlandia e Suecia; en 2004 incorporáronse, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia, a República Checa, Eslovaquia, Hungría, Eslovenia, Chipre e Malta; en 2007 incorporáronse Romanía e Bulgaria.</p> <p>A Unión Europea foi, nun principio, unha organización con intereses de tipo económico. Tras varias ampliacións a distintos países europeos, en 1992, co Tratado de Maastricht, Europa deu un paso para a unidade política. Tras as adhesións de 1995, 2004 e 2007 quedou constituída como a Europa dos 27. O Tratado de Maastricht estableceu tres eixes comúns en institucións e competencias supranacionais, política exterior e de seguridade común, xustiza e asuntos de interior. Estableceu a cidadanía europea, a moeda única, o euro, e o Banco Central Europeo.</p> <p>Os países do leste integráronse tras a desaparición do bloque que agrupaba estes países. Foi un proceso longo e difícil que supuxo a adopción de Estados democráticos e profundas remodelacións económicas, que garantiran unha liberalización do mercado.</p>

S9. Consulte a seguinte web e responde as preguntas.

<http://www.tiching.com/753305>



- **Como se titula esta obra? Quen é o seu autor?**

A obra titúlase *Home con clarinete*. O seu autor é Pablo Picasso.

- **A que estilo se adscribe? Por que?**

É unha das obras mestras do cubismo analítico, porque a composición da obra é xeométrica, sobrepóñense nun mesmo plano diferentes visións da figura e emprégase unha gama cromática restrinxida. As súas principais características son que trata as formas por medio de figuras xeométricas, fragmentando liñas e superficies.

- **Que representa esta pintura? Que composición ten o cadro?**

A pintura amosa a figura dun home portando un instrumento musical, quizais un clarinete. O cadro ten unha composición piramidal en abano. A armadura da imaxe foi construída co ritmo dunhas cantas liñas rectas e curvas. Por outra parte, a técnica neoimpresionista, de pinceladas pequenas e concentradas, dálle á superficie un certo aspecto metálico. Produce un efecto de textura en relevo, xa que no centro do cadro a pintura se acumula en pinceladas grosas, mentres que nos bordos foi aplicada en capas máis finas. Picasso fragmenta o personaxe, pero mantén a colocación vertical da figura tal e como o facía o retrato convencional.

6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

1. Que nome recibe a Organización máis coñecida do xihadismo?

- Al Qaeda.
- Osama Bin Laden.
- Al Jazeera.

2. Tras os atentados de setembro de 2001 os Estados Unidos liderados por George Bush aplicaron unha política antiterrorista en ocasións afastada da defensa dos dereitos humanos. Esta política incluíu a invasión de dous países. Cales foron eses países?

- Afganistán e Irán.
- Irán e Iraq.
- Afganistán e Iraq.

3. Que outras dúas cidades do mundo occidental sufriron brutais atentados xihadistas en 2004 e 2005?

- París.
- Madrid.
- Londres.
- Berlín.

4. Por que é Irán unha das grandes preocupacións mundiais no ano 2010? Seleccione a resposta correcta.

- Porque o seu líder Ahmadinejad manifestou a súa intención de invadir Iraq.
- Porque o seu líder Ahmadinejad ten relanzado o programa civil nuclear iraniano.

5. Que nome recibiu a comunidade creada polo Tratado de París para xestionar en común a produción de carbón e aceiro?

- UEA.
- CEEA.
- CECA.

7. Glosario

Para comprender o estudado, é preciso ter un vocabulario, un glosario de conceptos clarificadores dos termos utilizados. Así será máis doado comprender e poder expresar con claridade o traballado na unidade.

A	<ul style="list-style-type: none"> Arma biolóxica 	<p>Unha arma biolóxica -tamén coñecida como bioarma ou arma bacteriolóxica- é calquera patóxeno (bacteria, virus ou outro organismo que cause enfermidades) que se utiliza como arma de guerra. Utilizar produtos tóxicos non viventes, mesmo se son producidos por organismos vivos (por exemplo, toxinas), é considerado como unha arma química baixo as provisións da Convención de armas químicas. Unha arma biolóxica pode estar destinada a matar, incapacitar ou impedir seriamente tanto a un individuo como a cidades ou lugares enteiros. Tamén pode ser definida como o material ou defensa contra tal emprego. A guerra biolóxica é unha técnica militar que pode ser usada por Estados-nación ou por grupos non nacionais. No último caso, ou se un Estado-nación a usa clandestinamente, tamén pode ser considerado como bioterrorismo.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> Altermundista (movemento) 	<p>O movemento altermundialista é un movemento social heteroxéneo composto por simpatizantes de moi variados perfís, que propoñen que a globalización e o desenvolvemento humano se baseen en dar prioridade aos valores sociais e ambientais, en oposición a quen os centra no neoliberalismo económico.</p> <p>Aínda que heteroxéneo, o movemento agrúpase en torno ao lema «Outro mundo é posible», e máis recentemente, «Outros mundos son posibles». Outros termos equivalentes son: altermundismo, globalización alternativa, alter-globalización, xustiza a nivel global, xustiza para todos.</p>
B	<ul style="list-style-type: none"> BRIC(S) 	<p>A sigla BRICS utilízase para nomear o conxunto formado polo Brasil (B), Rusia (R), a India (I), a China (C) e Suráfrica (S). Trátase das cinco nacións coa economías emerxentes ou recentemente industrializadas máis importantes do planeta.</p> <p>En 2001, o economista inglés Jim O'Neill postulou a idea de BRIC: o bloque formado polo Brasil, Rusia, a India e a China. Sete anos despois, estes países asumiron o concepto e comezaron a reunirse para traballar en conxunto. Anos despois tamén se incorporou Suráfrica aos devanditos encontros e así naceu BRICS.</p>
C	<ul style="list-style-type: none"> Coltán 	<p>Mineral composto por colombita e tantalita, de cor negra ou marrón moi escuro, que se utiliza en microelectrónica, telecomunicacións e na industria aeroespacial.</p>
E	<ul style="list-style-type: none"> Estado de benestar 	<p>Estado de benestar, estado benefactor, estado providencia ou sociedade do benestar é un concepto das ciencias políticas e económicas co que se designa a unha proposta política ou modelo xeral do Estado e da organización social, segundo a cal o Estado prevé servizos en cumprimento dos dereitos sociais á totalidade dos habitantes dun país.</p>
G	<ul style="list-style-type: none"> G20 	<p>O Grupo dos 20 (numerónimo: G-20) é un foro de 19 países, máis a Unión Europea, onde se reúnen regularmente, desde 1999, xefes de Estado (ou Goberno), gobernadores de bancos centrais e ministros de finanzas.</p> <p>Está constituído por sete dos países máis industrializados "Alemaña, o Canadá, Estados Unidos, Francia, Italia, o Xapón e o Reino Unido" (G-7), máis Rusia (G-8), máis once países recentemente industrializados de todas as rexións do mundo, e a Unión Europea como bloque económico.</p> <p>Ademais, cada ano participan como convidados España, o país que ocupe a presidencia da ASEAN, dous países africanos (o que preside a Unión Africana e un representante da Nova Alianza para o Desenvolvemento de África) e un país (ás veces máis dun) convidado pola presidencia, polo xeral da súa propia rexión.</p> <p>É un foro de cooperación e consultas entre os países en temas relacionados co sistema financeiro internacional. Estuda, revisa e promove discusións sobre temas relacionados cos países industrializados e as economías emerxentes, co obxectivo de manter a estabilidade financeira internacional e de encargarse de temas que estean máis aló do ámbito de acción doutras organizacións de menor xerarquía.</p> <p>Desde 2009, o G20 desprazou ao G-8 e ao G8+5 como foro de discusión da economía mundial.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Glasnot 	<p>('Apertura', 'transparencia' ou 'franqueza') coñécese con este nome unha política que levou a cabo, ao mesmo tempo que a perestroika, o líder do momento Mikhail Gorbachev, desde 1985 ata 1991. En comparación coa perestroika, que se ocupaba da reestruturación económica da Unión Soviética, a glasnost concentrábase en liberalizar o sistema político. Nesta estipulábanse liberdades para que os medios de comunicación tivesen maior confianza para criticar ao Goberno.</p>
I	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IDH 	<p>O índice de desenvolvemento humano (IDH) é un indicador do desenvolvemento humano por país, elaborado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).</p> <p>O índice de Desenvolvemento Humano (IDH) é un indicador sintético dos logros medios obtidos nas dimensións fundamentais do desenvolvemento humano, a saber, ter unha vida longa e saudable, adquirir coñecementos e gozar dun nivel de vida digno. O IDH é a media xeométrica dos índices normalizados de cada unha das tres dimensións.</p> <p>A dimensión da saúde avalíase segundo a esperanza de vida ao nacer, e a da educación mídese polos anos media de escolaridade dos adultos de 25 anos ou máis e polos anos esperados de escolaridade dos nenos en idade escolar. A dimensión do nivel de vida mídese conforme ao INB per cápita.</p>
N	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Neoliberalismo 	<p>Conxunto de ideas políticas e económicas capitalistas que defende a non participación do Estado na economía, deixando fóra calquera inxerencia gobernamental, fomentando así a produción privada con capital único sen subsidio do Goberno. De acordo con esta doutrina, debe haber plena liberdade de comercio (libre comercio), xa que este principio garante o crecemento económico e desenvolvemento social dun país. Xurdiu na década de 1970, a través da escola monetaria de Milton Friedman, como unha solución á crise que afectou á economía mundial en 1973, causada polo excesivo aumento dos prezos do petróleo.</p> <p>Principios básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A mínima participación do Estado na configuración da economía dun país. ▪ A pouca intervención do Goberno no mercado laboral. ▪ Política de privatización de empresas estatais. ▪ Libre circulación de capitais internacionais e a énfase na globalización. ▪ A economía ábrele as portas ás multinacionais para que invistan. ▪ Adopción de medidas contra o proteccionismo económico. ▪ A operación das actividades económicas son notoriamente máis simplificadas, xa que se resume a burocracia do estado no proceso. ▪ Oposición ao exceso de impostos e gravames. ▪ Aumento da produción, para lograr o obxectivo básico do desenvolvemento económico do círculo investidor. ▪ Contra o control dos prezos dos produtos e servizos por parte do Estado, é dicir, a lei da oferta e a demanda é suficiente para regular os prezos. ▪ A base económica debe estar formado por empresas privadas. ▪ Fundamentado totalmente no capitalismo. <p>Os que aplican o neoliberalismo afirman que este sistema é capaz de proporcionar o desenvolvemento económico e social dun país; aseguran que converte a economía en forte, resistente, polo que é capaz de manter niveis óptimos de inflación.</p>
P	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PNUD 	<p>O Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), creado o 1 de xaneiro de 1989, pertence ao sistema de Nacións Unidas, e a súa función é contribuír á mellora da calidade de vida das nacións. Desde 1990, o PNUD publica o informe sobre desenvolvemento humano ou índice de desenvolvemento humano (IDH). O PNUD promove o cambio e conecta os coñecementos, a experiencia e os recursos necesarios para axudar os pobos a forxaren unha vida mellor. Está presente en 177 países.</p>

8. Bibliografía e recursos

Bibliografía

- Libros de texto 4º ESO de Ciencias Sociais, nomeadamente os das editoriais Vicens Vives, Anaya, e Consorcio editorial.
- "As Mulleres na historia". Colectivo Mª Castaña. Ed. Xerais.
- <http://www.vicensvives.com/areadocente/recursos.php>

Ligazóns de Internet

- http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena10/index_quincena10.htm
- CNICE. Kairós. Educación: liberalismo e nacionalismo.
http://iris.cnice.mec.es/kairos/enseanzas/bachillerato/mundo/liberalismo_00.html
- Historia del Siglo 20.
<http://www.historiasiglo20.org/>
- Proxecto Clío.
http://clio.rediris.es/inicio_enclase.htm
<http://www.claseshistoria.com/antiguoregimen/sociedadcampesinos.htm>
http://educativa.catedu.es/44700165/aula/archivos/repositorio/3750/3891/html/1_concepto_origen_y_llegada_de_la_ilustracion_a_espaa.html
<http://es.tiching.com/link/751219>
<http://www.vicensvives.com/vvweb/view/pages/p01/load.php?id=2651>
http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena12/index_quincena12.htm
<https://globalhistoria.wikispaces.com/Unidad+Did%C3%A1ctica+14.+El+Mundo+Actual>
http://educativa.catedu.es/44700165/aula/archivos/repositorio/1250/1273/html/2_las_otras_caras_de_la_globalizacion.html

Outros recursos

Cartografía

- http://d-maps.com/pays.php?num_pay=192&lang=es
- https://europa.eu/european-union/about-eu/countries_es

Atlas. Ligazóns en Internet:

<http://www.historiasiglo20.org/enlaces/mapas.htm>

- Mapas históricos (por exemplo, os da editorial Vicens Vives) e mapas temáticos para desenvolver as actividades.
- Ubieto, Agustín: *Génesis y desarrollo de España, II*. Institutos de Ciencias da Educación, Zaragoza, 1984.

<http://clio.rediris.es/n32/atlas/atlasubieto.htm>

Filmografía

- *Babel*











Permite traballar a globalización e a educación da cidadanía, con formulacións que esixen un novo humanismo, unha nova relación entre as persoas, conscientes dos problemas de comunicación, prexuízos e choques culturais derivados do desenvolvemento tecnolóxico. A película cuestiona esta existencia nun mundo global interrelacionado, evocando o vello mito bíblico da torre de Babel e facendo énfase en identificacións erróneas, malentendidos e oportunidades erradas, como mans invisibles que nos guían; ou o fin cuxo destino se nos escapa. Babel fai comprender a realidade da globalización. Permítenos observar catro lugares tan distantes como Estados Unidos, México, Marrocos e Xapón, non só distanciados fisicamente. Os catro países representan estilos culturais diferentes, tres formas de realización humana. Asistimos ao choque, á incomunicación persoal, ao illamento pola diferenza de cultura e a ficticia proximidade tecnolóxica. Vivimos xuntos, pero illados os uns dos outros.

- *Le profit et rien d'autre!* É un ensaio sobre as ganancias do capitalismo;
- *Nos amis de la Banque*. Amona as negociacións entre o FMI e o Banco Mundial co Goberno de Uganda.
- *Ouvrières du monde*. Narra a historia de milleiros de obreiras europeas que quedan sen traballo na fábrica Levi's como consecuencia de que as súas pares asiáticas se ven forzadas a traballar por menores salarios.
- *Fahrenheit 9/11*. O cineasta Michael Moore fala dos vínculos económicos de décadas entre a familia do presidente Bush, a familia real saudita e a familia Bin Laden, motivacións financeiras "ocultas" da invasión de Iraq de 2003 e a ausencia de sentido crítico do cidadán medio estadounidense.

9. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 1	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/d/d4/IDH_016.png/640px-IDH_2016.png/ 	 RECURSO 2	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena12/swf/q12_contenidos_1/q12_contenidos_1b_3.png
 RECURSO 3	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena12/textos/imagetexto1.png 	 RECURSO 4	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena12/swf/12_contenidos_1b/q12_contenidos_1b_2.png
  RECURSO 5	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://emigracion.xunta.gal/files/styles/300x000/public/nova/2014/0723341-os-adeuses-fafe2014_0.png?itok=nKvMVksj http://www.ecestaticos.com/image/clipping/be02a7a033cd0091b7aef63d442a1/despidadeeemigrantes-en-a-corunaen1957.jpg 	 RECURSO 6	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://e2000madridnoticias.files.wordpress.com/2007/12/inmigrantesdesembarcando-inmigrants-invaders.jpg
 RECURSO 7	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena12/swf/q12_contenidos_1c/q12_contenidos_1c_1.png 	 RECURSO 8	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.politicaexterior.com/wp-content/uploads/espana_iraq960x818.jpg
 RECURSO 9	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/e/e5/North_face_south_tower_after_plane_strike_9-11.jpg/250px-North_face_south_tower_after_plane_strike_9-11.jpg/ http://elmed.io/wp-content/uploads/2014/09/11-s-940x587.jpg 	 RECURSO 10	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://2.bp.blogspot.com/EBZ0HouJFiE/Uam7sb6LGwI/AAAAAHeM/kBOx8ZGPwbc/s200/US_military_bases_in_the_world.svg.png
  RECURSO 11	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.google.es/search?newwindow=1&hl=es&biw=1024&bih=536&tbn=isch&sa=1&q=bases+militares+estadounidenses+en+asia&oq=bases+militares+estadounidenses+en+asia 	  RECURSO 12	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena12/textos/imagetexto3.png https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/e/e5/Second_Congo_War_2001_map_vectores.svg/1200pxSecond_Congo_War_2001_map_vector-es.svg.png

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 <p>RECURSO 13</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://recursostic.educacion.es/seundaria/edad/4esohistoria/quincena12/swf/q12_contenidos_2c/q12_contenidos_2c_1.png 	 <p>RECURSO 14</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://3.bp.blogspot.com/-1WPfavs-III/UXtsLx6N7fI/AAAAAAAAAHhc/83GKLM32pHA/s1600/finurssskali.png
 <p>RECURSO 15</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: Philip Guston http://www.moma.org/collection_images/resized/466/w500h420/CRI_151466.jpg https://encryptedtbn0.gstatic.com/images?q=tbn:ANd9GcRLedxe9rZR901d1zR1QSIRsdoJ3bAmxVRne79SolCmuxpXM1lz 	 <p>RECURSO 16</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://1.bp.blogspot.com/_sD9yQTE5QZO/SIYKXq4iGoI/AAAAAADlg/3Ok_mbmhm_4/s400/LEE+KRASNER.jpg
 <p>RECURSO 17</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://3.bp.blogspot.com/_sD9yQTE5QZO/SIYMSWldCel/AAAAAADlw/N36JD6IIxR8/s400/joanmitchell1.jpg 	 <p>RECURSO 18</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://4.bp.blogspot.com/_sD9yQTE5QZO/SIYLn5mUqdl/AAAAAADIo/HAYi6PK4a5M/s400/frankenthaler2.jpg
 <p>RECURSO 19</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://photos1.blogger.com/x/blogger2/5066/3662/1600/286052/warhol_5123_1.jpg 	 <p>RECURSO 20</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://4.bp.blogspot.com/_sD9yQTE5QZO/RcZfpe0uNvI/AAAAAaw/bPCdCZqeJU/s400/Whaam.jpg
 <p>RECURSO 21</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://2.bp.blogspot.com/_sD9yQTE5QZO/TJX2AhY83al/AAAAAAAl08/S0emw7_UVps/s1600/BAUHAUS+3.jpg 	 <p>RECURSO 22</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://dmaps.com/pays.php?num_pay=192&lang=eshttps://europa.eu/european-union/about-eu/countries_es